



**INFORME COORDINACIÓN  
1º SEMESTRE  
GRAO EN BIOLOXÍA**

**Curso Académico: 2017-2018**

Javier Iglesias Piñeiro  
Guillermo Covelo Artos  
Ana M<sup>a</sup> Otero Casal  
Francisco J. Salgado Castro



Introducción	p. 5
Primeiro Curso	p. 6
<i>ENQUISA DE COORDINACIÓN</i>	p. 6
<i>REPRESENTANTES DE ALUMNADO</i>	p. 6
<i>COORDINADORES MATERIAS</i>	p. 7
Segundo Curso	p. 8
<i>REPRESENTANTES DO ALUMNADO</i>	p. 8
<i>ENQUISA DE COORDINACIÓN</i>	p. 11
<i>ENQUISA DOCENCIA EN MÓDULOS</i>	p. 16
<i>COORDINADORES MATERIAS</i>	p. 19
Terceiro Curso	p. 24
<i>ALUMNADO-ENQUISA DE COORDINACIÓN</i>	p. 24
<i>COORDINADORES MATERIAS</i>	p. 31
Cuarto Curso	p. 33
<i>ALUMNADO- ENQUISA DE COORDINACIÓN</i>	p. 33
<i>COORDINADORES MATERIAS</i>	p. 50
<i>Anexos</i>	p. 53



## Introducción

---

Neste informe preséntanse os resultados das enquisas sobre a percepción que os alumnos teñen sobre a docencia recibida no primeiro semestre do curso 2017-178 (Anexo I), os resumos das reunións mantidas entre cada un dos coordinadores de curso e os representantes de alumnos do devandito curso e entre os coordinadores de curso e os coordinadores das materias de cada curso de grao. Ditas reunións realizáronse tras o período correspondente ao primeiro semestre do curso. As reunións cos coordinadores, incluíron nalgunhas ocasións aos coordinadores de materias do segundo semestre; por esta razón, en ocasións engadiuse algunha información sobre o devandito semestre no presente informe.

Oos coordinadores para o primeiro semestre do curso 2017-178 son:

- 1º curso: Dr. D. Javier Iglesias Piñeiro
- 2º curso: Dr. D. Guillermo Covelo Artos
- 3º curso: Dra. Dña. Ana Mª Otero Casal
- 4º curso: Dr. D. Francisco Javier Salgado Castro

## Primeiro curso

---

### ENQUISA AOS ALUMNOS

O 21 de febreiro de 2018 os estudantes responderon á “enquisa de percepción do desenvolvemento das materias” (Anexo I). O número de enquisas contestadas foi de 55 no grupo A e de 54 no grupo B. Os resultados da devandita enquisa móstranse ao final do presente informe (no Anexo II).

### REUNIÓN COS REPRESENTANTES DO ALUMNADO

- Día: 10 de abril de 2018.
- Asistentes: Javier Iglesias Piñeiro (coordinador de primeiro curso); Andrea Estrella Arias Díaz (representante do grupo A) e Manuel Martínez Salgado (representante do grupo B)
- Puntos da orde do día:
  1. Comentar os resultados das enquisas de percepción do desenvolvemento das materias do primeiro cuadrimestre.
  2. Dúbdidas, recomendacións, queixas, suxerencias de calquera tipo.

Con respecto ao punto 1, os alumnos representantes sinalaron que tanto o modelo de enquisa como os resultados obtidos (Anexo II) parécenlles satisfactorios.

Con respecto ao punto 2, os representantes sinalaron os seguintes temas:

Para XEOLOXÍA indican que sería necesario mellorar a coordinación entre as clases prácticas e as clases teóricas, posto que realizan prácticas sobre temas que aínda non viron en teoría. Valoran positivamente os controis que se realizan nesta materia.

Consideran que a superación da materia BIOLOXÍA CELULAR demanda moito esforzo, mesmo coa realización de exames parciais liberatorios de materia, que valoran positivamente. De modo similar, suxiren que se realice tamén un exame parcial eliminatorio de materia na materia FUNDAMENTOS DE BIOLOXÍA ANIMAL E VEXETAL, alegando que a cantidade de materia é excesiva para un único exame.

Sinalan que atopan diferenzas notables de dificultade e de nivel de esforzo e esixencia entre os grupos A e B en QUÍMICA PARA BIOLOXÍA e en BIOFÍSICA.

Finalmente, consideran que os descansos entre clases sucesivas non son respectados por moitos dos profesores.

## **REUNIÓN COS COORDINADORES DE MATERIAS**

- Día: 29 de junio de 2018.
- Asistentes:
  - Adrián Fernández Tojo (Matemáticas)
  - Benita Silva (Geología)
  - Diego Martínez (Biofísica)
  - Javier Iglesias (Fundamentos de Biología Animal y Vegetal)
  - Jesús Lamas (Biología de la Célula)
  - Manuel Paz (Química para Biología)
  - Pilar Mato (Matemáticas para Biología)

Puntos da orde do día:

- 1. Comentar os resultados das enquisas de percepción do desenvolvemento das materias realizadas polos estudantes (Anexo II), e da reunión cos alumnos-representantes.
- 2. Dúvidas, recomendacións, queixas e suxestións.

Os asistentes atopan satisfactorios os resultados das enquisas realizadas polos alumnos.

Os coordinadores de BIOFÍSICA e QUÍMICA PARA BIOLOXÍA indican que exporán ao resto de profesores destas materias as opinións dos alumnos, co fin de tentar reducir as diferenzas de dificultade e de nivel de esforzo entre grupos, sinaladas polos alumnos. Sinalan que eles tamén aprecian diferenzas de rendemento académico entro os grupos A e B, opinión que en xeral é secundada por todos os presentes.

O coordinador de FUNDAMENTOS DE BIOLOXÍA ANIMAL E VEXETAL expón que na devandita materia deixouse de realizar exame parcial desde fai xa varios cursos, e que desde entón non se apreciou ningún cambio nas cualificacións, nin no número de non presentados, nin en porcentaxe de alumnos que superan a materia.

## Segundo Curso

---

### VALORACIÓN DO ALUMNADO

Este informe é o resultado da reunión do coordinador de 2º curso, prof. Guillermo Covelo Artos, mantida o 23 de abril de 2018 coa representante de alumnos/as de 2º curso Carla Coedo Costa, do grupo A (no grupo B non houbo representante), e da revisión das enquisas de percepción do desenrolo das materias cubertas polos/as alumnos/as de 2º (un total de 51 do grupo A e 41 do grupo B) distribuídas durante unha clase o 15/02/2018. Inclúense tamén os resultados de valoración numérica das materias realizadas nas citadas enquisas.

Comézase reflectindo algunhas cuestións xerais do desenrolo do curso e puntos para mellorar, segundo as apreciacións dos/as alumnos/as. Gran parte dos comentarios sobre as materias, escasos con respecto a cursos pasados, están mesturados coa valoración do sistema de módulos realizado neste cuadrimestre, e nalgúns casos repítense nesa parte deste informe, xa que os/as alumnos/as se centraron nos comentarios sobre o formato docente.

### **Contidos das materias e carga de traballo**

Son varios os comentarios en ambos grupos que consideran elevada a carga de traballo xeral do curso (logo hai casos concretos) e que non observan a diminución de contidos asociada á redución das clases expositivas. Isto asóciase cos comentarios que din que é moi difícil conciliar o formato de módulos coa carga docente, sobre todo nalgúns módulos onde hai coincidencia de materias con temarios moi extensos e esixentes, e ademáis con traballos non presenciais. Isto leva a falar de que os/as profesores/as, en xeral, van ás presas nas expositivas e non dá tempo a dar toda a materia. Sen embargo, casi se da o mesmo número de comentarios que consideran que a redución de clases expositivas non é positiva polo mesmo motivo.

Nun par de enquisas dise que hai actividades prácticas e de seminarios “pouco útiles de cara ao exame” e que restan demasiado tempo de traballo persoal. Sinceramente, creo que algún/has alumnos/as pensan erroneamente que as materias consisten exclusivamente nos contidos do exame e que todo o demáis non serve para nada.

Nunha enquisa do grupo B indícase que os/profesores/as, sen especificar, apoian pouco o traballo do alumnado por “non deixar os apuntes” das clases. Nalgunhas



materias hai comentarios máis específicos.

A continuación relátanse os comentarios máis habituais desglosados por materias.

### **Xenética I**

Poucos comentarios con respecto a esta materia. No grupo A hai un/ha alumno/a que di que hai un “solapamento enorme” de contidos, pero non especifica con que materia/s. A representante de alumnos/as aclara isto e indica que se pararon demasiado en temas de mitose e meiose xa vistos en Bioloxía da Célula. Neste sentido, a representante solicita que haxa máis dedicación a outros temas do programa e á resolución de problemas da materia. Tamén neste grupo, criticase que houbera diferenzas entre os contidos tratados e exames distintos nos dous grupos. O único comentario no grupo B é unha felicitación dun/ha estudante polo labor docente do profesor Carlos Zapata.

A representante fai mención a que o cambio de data do exame non se comunicou con suficiente antelación no grupo B e pide que non se produzan estes desfases entre grupos.

### **Biología do Desenvolvemento**

As únicas reseñas específicas sobre esta materia son, coma no caso anterior, criticar (grupo A) as diferenzas de contidos e exame entre os grupos. A representante vai máis alá neste aspecto e indica que no grupo B houbo un exame parcial que non se fixo no A. Esta situación debe corrrixirse. Hai que destacar un comentario no grupo B eloxiando o labor da profa. Eva Candal, e que a representante indica que as prácticas da materia foron boas e moi útiles.

### **Botánica I**

Aínda que con poucos comentarios, nesta materia hai críticas fortes de tipo xenérico: “asignatura fatal” (grupo A), “auténtico desastre, caótico” (grupo B). Ademais, no grupo A di un/ha alumno/a que as prácticas foron desacompañadas coa materia vista en expositivas. No grupo B criticase (un comentario) que algunha parte (fungos) do temario foi impartida moi superficialmente. Un par de comentarios do grupo B e a representante din que as diapositivas empregadas son “liosas” e de pouca utilidade. Tamén se di que o temario é moi extenso e bótanse en falta saídas ao campo (2 comentarios). A representante de alumnos/as comenta que observaron bastantes diferenzas no nivel de dificultade das dúas partes do exame de prácticas.

## **Bioquímica I**

No grupo A só hai un comentario específico sobre a materia, mostrando a súa satisfacción polo seu desenvolvemento. Sen embargo, no grupo B hai comentarios máis críticos. En dúas enquisas criticábase que houbera diferente materia impartida de cara ao exame nos dous grupos, e indo máis alá, que “se exigen en el examen conocimientos no aprendidos en clase” (1 comentario). Tamén se solicita aos/ás profesores/as que deixen o material de clase no curso virtual. Protestan igualmente pola mala coordinación observada entre o profesor de expositivas e os de seminarios (2 comentarios). Neste apartado hai dous comentarios que din que os problemas realizados nos seminarios estiveron pouco ou nada explicados polos profesores, que só se presentaban e non se axudaba á súa resolución. Sen embargo, nunha enquisa tamén do grupo B, os seminarios considéranse como o mellor da materia.

A representante de alumnos/as pide que se aclare mellor o formato de presentación da memoria de prácticas, en concreto das gráficas, xa que diferentes profesores/as parecen ter indicado cousas diferentes. Tamén critica algunhas preguntas do exame, que se alonxaron, sobre todo no formato e na dificultade da súa comprensión, do traballado en expositivas e seminarios. Con respecto ás notas, a representante queixábase de que foran publicadas meses despois do exame.

## **Zooloxía I**

Esta materia foi a que concentrou máis críticas e comentarios negativos en ambos grupos. Estes van dende a gran extensión do temario teórico (4 no grupo B), que non da tempo a dar correctamente (1 no grupo A) e cunha excesiva carga de traballo persoal do/a alumno/a (1 no grupo A e 3 no grupo B). No grupo A, nunha enquisa criticábase a mala organización e comunicación ao alumnado dunha práctica de campo. No grupo B, creo que tamén neste sentido, non lles parece axeitado a dous/dúas alumnos/as o uso dunha rede social non oficial para a comunicación de cuestións relativas ao curso, e mesmo din, de cualificacións de alumnos/as. Tamén no grupo B, un/ha alumno/a indica que se fan actividades interactivas “pouco útiles para o exame” e outro/a, que as diapositivas postas no curso virtual son pouco útiles. Con respecto ás prácticas, nunha enquisa se di que as preguntas do exame deste apartado non tiveron moito que ver cos contidos tratados nestas clases. Neste mesmo grupo, un/ha alumno/a queixábase de que houbo cambios a última hora dos criterios de avaliación, e en xeral, de que houbo “moitas irregularidades” en Zooloxía I. Creo que neste sentido vai o comentario da representante de alumnos/as, xa que indica que a porcentaxe de

nota das interactivas se reduciu á metade para pasar esta parte da nota ás intervencións en clase. En definitiva, que se variaron os criterios de avaliación a metade de curso e isto non gustou ao alumnado.

A alumna representante considera que o nivel de esforzo do traballo en grupo está descompensado co seu peso na nota final, e que ademais son moitas persoas por grupo, o que fai moi difícil a súa organización. Considera ademais, que a asignación destes traballos debería revisarse e que todos os temas terían que ser do mesmo grao de dificultade (e por tanto, nota), e non de dificultades alta ou baixa, como neste curso. Tamén traslada a percepción de que houbo diferenzas no nivel de esixencia na corrección do exame dos/as dous profesores/as, aínda que ambos impartiron e corrixiron os mesmos contidos en ambos grupos.

Esta materia é mostrada por varios/as alumnos/as dos dous grupos como exemplo negativo para o seu encaixe no sistema de módulos, de que é moi difícil adaptala e/ou de que os/as profesores/as non souberon axustarse a ese formato.

## **ANÁLISE GLOBAL DOS RESULTADOS DA ENQUISTA DE PERCEPCIÓN DA DOCENCIA**

En primeiro lugar, é preciso comentar que, debido a un erro na impresión das enquisas, a pregunta 10 está mal formulada xa que non se acota, coas respostas 1, 2 e 3, o rango de horas aproximado de dedicación a cada materia. Polo tanto, os/as estudantes responderon a esta pregunta poñendo directamente o número de horas estimado. Por iso, esta pregunta non aparece reflectida nas táboas que aparecen a continuación, pero si que se comentarán neste apartado os resultados medios obtidos. Para facer esta media descartáronse os valores por enriba de 120 h por consideralos desproporcionados, xa que, segundo o establecido pola Memoria de Grao, o tempo de dedicación non presencial por materia de segundo curso é de 90 h. A valoración media obtida por cada materia e grupo é unha media dos resultados obtidos nas preguntas 1 a 8.

En xeral, os apartados 1 e 2 da enquisa (cumprimento das actividades reflectidas na guía docente e cumprimento do temario, respectivamente), amosan resultados favorables (por enriba de 2 en case tódolos casos, e nalgúns rozando o 3 ou lográndoo) para tódalas materias. A excepción é Bioloxía do Desenvolvemento no grupo B (lixieiramente por debaixo de 2) na pregunta 2. Son de destacar as diferenzas entre grupos que se aprecian nesta materia en todos os apartados, e especialmente

na pregunta 2. En Bioquímica I tamén se observan diferenzas favorables ao grupo A nestas preguntas, estando a segunda moi pouco por enriba do 2 (2,08) no grupo B. En Xenética II, de novo se observan diferenzas entre os dous grupos, con resultados case de 3 no grupo B e que non acadan o 2,4 no A. En Botánica I e Zooloxía I os resultados son máis homoxéneos entre os grupos.

No apartado 3 (solapamentos e redundancias de contidos), os resultados mostran valoracións máis altas en tódalas materias no grupo B con respecto ao A, sendo reseñable a diferenza en Xenética I, onde no B hai un resultado de 2,75 e no A de 1,92. Nas outras materias as diferenzas entre grupos oscilan nun arco entre 0,11 puntos (Botánica I) e 0,46 (Zooloxía I).

A valoración no apartado 4 (titorías) é en xeral baixa, sempre por debaixo do 2 en tódalas materias, agás no grupo A de Xenética I, que acada o 2,09 (no grupo B a nota está moi preto, 1,96) e Bioloxía do Desenvolvemento, onde si hai diferenza notable entre grupos (2,22 no A e 1,46 no B). No resto de materias a valoración é máis homoxénea entre grupos, aínda que en Zooloxía I hai 0,29 puntos de diferenza.

As prácticas de laboratorio/campo (pregunta 5) están en xeral ben valoradas polos/as alumnos/as, pero só cunha materia por enriba de 2,5 (Bioloxía do Desenvolvemento en ambos grupos en torno a 2,8). É de destacar a diferenza en Botánica I xa que no grupo A o resultado é de 2,21 e no B de só 1,39, a máis baixa. Tamén hai diferenzas, non tan acusadas (0,31 puntos), na valoración de Bioquímica I, a favor do grupo A, que case chega ao 2,5. Nas outras tres materias, as valoracións entre os dous grupos son moi similares neste *ítem*.

A valoración máis alta no apartado da utilidade dos seminarios (pregunta 6) a ten Xenética I, cun resultado de 2,80 no grupo B, pero que baixa a 2,45 no A. Resultados tamén altos e máis homoxéneos se observan en Bioquímica I (2,72 no grupo A e 2,65 no B). Nas outras dúas materias (Botánica I non ten seminarios), os resultados son máis baixos. En Bioloxía do Desenvolvemento hai diferenzas de 0,45 puntos entre grupos (2,21 no A e 1,76 no B), mentres que o resultado é bastante máis homoxéneo en Zooloxía I (1,75 no grupo A e 1,56 no B).

A valoración sobre o nivel de esixencia percibido na avaliación (pregunta 7) indica que só en Bioloxía do Desenvolvemento (2,63 no grupo A e 2,92 no grupo B) e no grupo B de Xenética I (2,63) parece haber un grao notable de satisfacción por parte dos/as alumnos/as. Por enriba de 2 está o grupo A de Xenética e Botánica I (2,31 no grupo A e 1,91 no B), o que indica diferenzas importantes entre grupos na percepción do nivel de esixencia na avaliación. Nas outras dúas materias o malestar do alumnado parece

maior, ademais de observarse diferenzas, de novo, en torno aos 0,4 puntos entre grupos. En Bioquímica I, a valoración é baixa en ambos grupos, destacando o B (1,41) fronte ao A (1,83). Case os mesmos números en cada grupo os temos en Zooloxía I (1,83 no grupo A e 1,47 no B).

As materias mellor valoradas globalmente na pregunta 8, (*A docencia da materia mellora a miña formación*), son Xenética I (2,34 no grupo A e 2,93 no B) e Bioloxía do Desenvolvemento (2,43 no grupo A e 2,81 no B), como vemos, con bastante variación entre grupos. Estes mellores valores no grupo B invírtense para as outras materias. É moi notable a enorme diferenza que existe en Bioquímica I que pasa de 2,67 no grupo A a só 1,62 no B. Tamén importante pero menos destacada, é a variación en Zooloxía I (2,27 no grupo A e 1,8 no B). A materia con peor resultado neste apartado foi Botánica I (2,08 no grupo A e 1,85 no).

A materia que se destaca no maior nivel de esforzo polos/as alumnos/as (pregunta 9) é Zooloxía I, que recibe un 2,97 no grupo B e 2,82 no A. Nun seguinte chanzo están, con valores similares, Botánica I (2,35 e 2,65), Xenética I (2,46 e 2,51) e Bioquímica I (2,5 e 2,43) (grupos A e B, respectivamente). Pola contra, a que require globalmente menor esforzo é Bioloxía do Desenvolvemento, con 2,42 no grupo A e menos de 2 no B (1,97). Nesta última materia é onde podemos apreciar unas diferenzas máis notables (0,45 puntos) entre grupos neste apartado, xa que no resto, os valores son bastante homoxéneos, salvo, quizáis, Botánica II.

Os resultados da pregunta 10 (*Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia*) reflicten parcialmente as valoracións da pregunta anterior. De novo, a materia de Zooloxía I (87 h grupo A e 68 h grupo B) é a destacada. O resto de materias teñen uns valores máis próximos, en torno a 60 h, no grupo A (Bioquímica I: 64 h; Bioloxía do Desenvolvemento: 62 h; Botánica I: 59 h) e algo máis dispersos no B (Xenética I: 62 h; Botánica I: 59 h; Bioquímica I: 55 h; Bioloxía do Desenvolvemento: 50 h). Percíbese, sobre todo no grupo B, que Bioloxía do Desenvolvemento é de novo a que supón unha menor carga de traballo non presencial.

Se analizamos os datos obtidos nesta pregunta 10 sen descartar, como se indicou arriba, as respostas que sobrepasan as 120 h (aínda que aparecen consignados algúns valores, na miña opinión, desproporcionados), os resultados comparados cos anteriores serían os da seguinte táboa:

Materia	Zooxoloxía I		Bioquímica I		Botánica I		Genética I		Biol. del Des.	
Valores considerados	Todos	Hasta 120 h	Todos	Hasta 120 h	Todos	Hasta 120 h	Todos	Hasta 120h	Todos	Hasta 120 h
Grupo A	120 h	87 h	84 h	64 h	86 h	59 h	69 h	62 h	87 h	62 h
Grupo B	84 h	68 h	72 h	55 h	75 h	59 h	68 h	62 h	58 h	50 h

É curioso ver que hai materias moi homoxéneas entre grupos e con valores moi parecidos con ambos métodos de cálculo, como Xenética I, e noutras hai diferenzas de aproximadamente 20 h entre un modo de cálculo e o outro (Bioquímica I e Botánica I). Outras, nun grupo varían en 8 h e no outro en 25 h (Bioloxía do Desenvolvemento). Destaca Zooloxía I, que no grupo A hai 33 h de diferenza segundo o método de cálculo, e no grupo B son a metade. En definitiva, non sabería dicir cales son os mellores valores para interpretar estes resultados.

A continuación preséntanse táboas resumo cos resultados da enquisa. As valoracións medias realízanse coas puntuacións numéricas de 1 a 3, descartando os 0, xa que significan “non procede”. A valoración media final da materia realízase sen ter en conta as preguntas 9 e 10.

Número de enquisas cubertas (non se cubren sempre todas as preguntas):



Botánica I: 49 (A), 37 (B)

Zooloxía I: 50 (A), 37 (B)


Bioquímica I: 48 (A), 40 (B)

Xenética I: 48 (A), 41 (B)


Bioloxía do Desenvolvemento: 49 (A), 37 (B)




BIOQUÍMICA I. Media: G. A: 2,29; G. B: 2



GENÉTICA I. Media: G. A: 2,23; G. B: 2,67



BIOL. DES. Media: G. A: 2,24; G. B: 2,73



## RESULTADOS DA ENQUIA DE PERCEPCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA EN MÓDULOS

Nas táboas que seguen a continuación recóllense os resultados obtidos na valoración dos/as alumnos/as do formato de módulos de docencia. A escala de valoración foi dende 0 (non procede), 1 (moi en desacordo) ata 3 (moi de acordo).

### A docencia en módulos:

#### GRUPO A

	Número de respostas	0	1	2	3	T	V	Nota
1	Permite unha mellor organización e xestión do tempo para a realización das distintas actividades das materias.	2	26	12	11	51	49	1,69
2	Permite mellorar o rendemento académico.	2	31	12	6	51	49	1,49
3	Repetiría o sistema de módulos se fose posible.	5	31	10	5	51	46	1,43
4	Recomendaría o sistema de módulos aos meus compañeiros/as.	3	34	10	4	51	48	1,38
5	Globalmente, estou satisfeito/a coa docencia en módulos.	3	30	13	5	51	48	1,48
<p><b>T = número de respostas totais á pregunta.</b>  <b>V= respostas válidas á pregunta (valores de 1, 2 ou 3).</b>  <b>Nota = valoración media da pregunta realizada cos valores V.</b></p>								

#### GRUPO B

	Número de respostas	0	1	2	3	T	V	Nota
1	Permite unha mellor organización e xestión do tempo para a realización das distintas actividades das materias.	0	26	9	6	41	41	1,51
2	Permite mellorar o rendemento académico.	2	24	10	5	41	39	1,51
3	Repetiría o sistema de módulos se fose posible.	2	33	3	3	41	39	1,23
4	Recomendaría o sistema de módulos aos meus compañeiros/as.	1	35	1	4	41	40	1,23
5	Globalmente, estou satisfeito/a coa docencia en módulos.	0	31	5	4	41	41	1,32
<p><b>T = número de respostas totais á pregunta.</b>  <b>V= respostas válidas á pregunta (valores de 1, 2 ou 3).</b>  <b>Nota = valoración media da pregunta realizada, cos valores V.</b></p>								

A continuación expónse un resumo dos comentarios aportados polos/as alumnos/as nas enquisas, comezando por aqueles opostos ao modelo, que son os máis abundantes.

A principal crítica dos/as estudantes (19 no grupo A e 11 no B) é, en resumo: demasiada materia en pouco tempo e non dá tempo a asimilar os contidos. Esta



situación pode entroncar con outra cuestión sinalada en varios comentarios en ambos grupos: os temarios son en xeral moi extensos e non se aprecia a redución de contidos vinculada á rebaixa das horas expositivas. Tamén se apunta, relacionado con isto, que os/as profesores/as (habitualmente sen especificar as materias) eran tendentes a ir con moitas prisas nas explicacións e que en moitos casos non se deu toda a materia (5 comentarios no grupo A e 1 no B). Quizáis como resumo de todo isto, moitos/as alumnos/as (12 no grupo A e 5 no B) describen a experiencia dos módulos como algo “estresante” ou termos similares, que é moi difícil levar as materias ao día (4 comentarios no grupo A e 2 no B) e que supón máis horas de traballo do alumnado (3 comentarios no grupo A e 1 no B). Mesmo nun par de enquisas do grupo A se di que houbo días de oito horas de docencia (sen especificar canto se repetía isto ao longo do módulo), cuestión que por outro lado tamén ocorre no calendario docente habitual. Un par de estudantes resumen a experiencia dicindo: “o sistema de módulos pode ser bo para sacar boas notas pero non para formar bos biólogos” e “o modelo parece enfocado só a unha memorización exprés para largalo todo nun exame inmediato”.

Outra cuestión moi criticada é que a fin das actividades docentes e os exames dos módulos están moi preto, o mesmo que os dous exames de cada módulo (15 comentarios no grupo A e 4 no B). Un par de estudantes no grupo B, non de todo descontentos/as co formato, apuntan que preferían todos os exames en decembro, e suprimir as clases en xaneiro do terceiro bloque, tentando meter as horas en decembro. Un/ha alumno/a do grupo B considera reprochable que se faga un exame final dunha materia no mes de outubro. Varios/as os/as alumnos/as en cada grupo aseguran que se viron obrigados/as a elixir unha das materias para presentarse a exame e deixar a outra para xullo, ante a imposibilidade de preparar axeitadamente as dúas. A pesares do modelo de docencia concentrado, un/ha estudante solicita a realización de exames parciais. Por certo, en 7 comentarios do grupo A quéixanse da tardía publicación de notas en varias materias, suponse que as dos primeiros bloques. En total 3 estudantes critican que tiveron que comezar as clases unha semana antes e terminaron no mes de xaneiro, é dicir, un período lectivo maior que o resto da facultade e da USC. Mesmo di, un/ha deles/as, que tiveron aínda dúas semanas máis xa que houbo clases nas últimas semanas de nadal, cando outros/as xa remataran.

En canto a cuestións de **organización** da docencia, hai críticas xenéricas sen especificar (5 no grupo A e 4 no B) que non son de moita axuda. Tamén son recurrentes os comentarios que apuntan que o profesorado (algún/has poucos/as,

recoñecen que os/as estudantes tampouco) non soubo adaptarse ao novo formato.

Pero unha cuestión recorrente, sobre todo no grupo A (9 comentarios e 1 no B) é a relativa á elección dos módulos. Algúns/has daríanlle unha oportunidade a este sistema cambiando as materias dos módulos. Por exemplo, varios consideran que Bioquímica I foi moi fácil e non debería ir soa. Preferirían Zooloxía I, que en xeral a consideran moi densa e difícil, e máis se vai emparellada con Bioloxía do Desenvolvemento. Ambas materias requiren facer traballos e exposicións, o que é unha dificultade engadida. Por outro lado, Botánica I e Xenética I, sen traballos nin exposicións, van xuntas no mesmo módulo. É dicir, atopan descompensada a carga de traballo nos distintos módulos. No grupo B, en 3 enquisas, din que os traballos e as exposicións rouban moito tempo de estudo, e máis se son para a entrega/exposición na última semana, cos exames xa pegados.

Nun comentario do grupo A sinálase que non ten moito sentido ter seminarios e prácticas na primeira semana de clases dunha materia, e outros 3 deste grupo indican que nalgunhas materias (sen especificar) realizaron prácticas mal acompañadas coa materia teórica. Outro/a alumno/a do grupo B cre que nalgunha materia os seminarios estaban demasiado seguidos.

En canto á **organización do tempo do alumnado**, ademais do arriba indicado, son varios os comentarios, nos dous grupos, que indican que o modelo non facilita a súa organización do traballo non presencial. Nun comentario en cada grupo criticáanse os cambios de horarios a última hora dalgunhas actividades docentes. Tamén din (2 no grupo A e 1 no B) que os módulos están moi pegados entre si e non hai respiro. Faise mención tamén (2 comentarios en cada grupo) ao problema que teñen os/as repetidores/as para poder asistir ás clases por módulos e ás de materias doutros cursos co calendario convencional. Un/ha alumno/a quere facer notar o grave problema que pode ser unha enfermidade ou ausencia por unha soa semana pola cal se poden perder moitos temas teóricos e outras actividades presenciais difíciles ou imposibles de recuperar.

Tamén houbo, pero moitos/as menos, estudantes que consideran favorable o modelo de módulos. Algún/ha, parece que plenamente satisfeito/a no grupo B, considera que este modelo non supón merma da calidade, contidos e nivel das materias, e parece que tampouco implica problemas para o alumnado; e outro/a (grupo A) que o modelo permite unha mellor planificación do traballo do/a alumno/a. Tamén, como xa se indicou, algúns/has recoñecen que non estaban preparados/as para adaptarse a este formato, pero hai un comentario no grupo B especialmente crítico cos/as

compañeiros/as: “Quen non se presentou á metade dos exames non merece opinar, non experimentou os módulos, limitouse a non facer nada. Se non se presentan a exames separados, ¿presentaríanse a cinco exames en dúas semanas?”.

Pero mesmo nos comentarios favorables case todos/as poñen algúns “peros” e algún/has (poucos/as) suxiren algunhas melloras. Como xa se indicou arriba, unha das cousas que podería mellorar<sup>se</sup> do sistema sería outra elección da distribución das diferentes materias nos módulos docentes e unha “mellor adaptación” dos/as profesores/as ao novo formato, que suporía a redución de materia (especialmente criticada Zooloxía I no grupo B), supresión de traballos non presenciais, etc..

Outros/as, simplemente propoñen que o mellor sistema é o convencional, cos exames repartidos entre finais de decembro e xaneiro (1 comentario no grupo A) ou ben o convencional con parciais en todas as materias (1 comentario no grupo B).

## VALORACIÓN DO PROFESORADO SOBRE A DOCENCIA IMPARTIDA

Este informe recolle as opinións vertidas polos/as profesores/as de 2º do grao en Bioloxía de materias do primeiro cuatrimestre reunidos/as o 25 de maio de 2018.

Concurríntes:

**Profa. María del Carmen López Rodríguez**, profesora de Botánica I.

**Profa. María Belén Gómez Pardo**, coordinadora de Xenética I (por videoconferencia).

**Prof. Andrés Baselga Fraga**, profesor na materia Zooloxía I.

**Prof. Francisco Javier Salgado Castro**, coordinador de Bioquímica I.

**Prof. Guillermo Covelo Artos**, profesor na materia Bioquímica I e coordinador de 2º de Grao.

Non asiste ningún/ha representante de **Bioloxía do Desenvolvemento**.

### Comentarios xerais e relativos ao formato de módulos

Os/as profesores/as presentes coinciden con que o formato de módulos non é axeitado, cando menos, para algúns tipos de materias. Tanto a profa. **López** como o prof. **Baselga** cren que materias como as súas, máis descritivas e memorísticas a diferenza doutras máis dedutivas e comprensivas, o formato de módulos é negativo e comparten, nese aspecto, os comentarios do alumnado.

Con respecto ás críticas xerais de mala organización e adaptación do profesorado aos módulos, o prof. **Baselga** comenta que en Zooloxía I houbo un traballo importante de coordinación, adaptación de contidos e actividades, etc. Neste sentido, non comprende como un formato de alternancia de horas expositivas e seminarios seguidos, que deu bastante dinamismo ás 2 horas seguidas de clase en cada sesión, que mesmo foi aplaudido polos/as alumnos/as nalgunha ocasión, se traduce nunha mala valoración nas enquisas do apartado de seminarios. Este aspecto fílle dubidar da obxectividade destes datos.

En xeral, os/as presentes cren que o alumnado tampouco se adaptou axeitadamente ao formato de módulos. Uns constatamos (coordinador de curso e de Bioquímica I) que no primeiro bloque, no que só se impartía Bioquímica I, a maioría dos/as alumnos/as non levaban a materia ao día (ao realizarse os seminarios comprobábase que poucos/as tiñan repasado a materia a tratar e mesmo non traían libros ou material adecuado para realizar os problemas). En xeral, neste bloque, víase aos/as estudantes “moi relaxados/as” e con moito tempo libre, pero logo veuseltes todo enriba, en poucas semanas, co exame case inmediato ao final das clases. No bloque seguinte, o prof. **Baselga** confirma que, por comentarios dos/as alumnos, moitos/as decidiron bastante pronto que non se ían presentar ao exame na primeira convocatoria, e mesmo comenta que se reduciu a asistencia a clase.

Con respecto ao reparto de materias nos módulos, coméntase que, se Bioquímica I foi independente foi por ser unha das que, historicamente, máis taxa de suspensos arrastra en 2º curso. Outro reparto de materias, como desexarían algúns/as alumnos/as, tal vez levase a unha maior taxa de éxito, pero cren que algunhas combinacións serían a priori menos desexables, como por exemplo Zooloxía I e Botánica I xuntas. Non obstante, si se comprende por parte do profesorado, que o reparto da carga de traballo non presencial (traballos en grupo, por exemplo) puido estar descompensado nos distintos módulos e parece que foi algo no que non se reparou á hora de facer o calendario ou as guías docentes.

En canto á extensión dos temarios, os/as profesores/as comentan que as súas asignaturas teñen uns contidos asignados e a iso se ciñen no tempo dispoñible. O prof. **Baselga** di que estes dous últimos cursos teñen reducido bastante tanto os contidos como o nivel explicado e esixido en Zooloxía I, polo que considera que non se poden facer máis rebaixas neste aspecto. Hai unanimidade entre os/as concorrentes coas opinións dalgúns/as estudantes que están en contra da diminución de horas nas clases expositivas que se ten producido.

O problema dos exames moi cercanos ao final das actividades presenciais é algo que todos/as tiñamos visto dende o principio, e que nalgunha materia se solventou parcialmente con exames alternativos. Ademais, como indica o prof. **Salgado**, aos/as estudantes non lles da tempo a consultar co/a profesor/a as dúbidas dos derradeiros temas (impartidos só uns días antes do exame, e ás veces só cunha fin de semana polo medio). Outro aspecto en que hai coincidencia coas observacións dos/as alumnos/as é que non ten ningún sentido ter prácticas e seminarios na mesma semana ou na seguinte do inicio da materia. No caso de Bioquímica I, o primeiro seminario, con só unhas poucas horas de clases expositivas impartidas nalgúns grupos, tivo que ser dedicado a un repaso de coñecementos doutros cursos e non para traballar contidos específicos da materia. Neste sentido, a profa. **López** indica que o problema de que algunhas prácticas se desen sen ter estudado a materia en expositivas foi debido ao calendario imposto e ao propio formato de módulos.

### **Zooloxía I**

Como xa se indicou antes, o prof. **Baselga** sorpréndese dos resultados dalgúns apartados da enquisa (seminarios, por exemplo) dado que aparentemente gustaran aos/as alumnos/as. Non comparte as críticas vertidas sobre o cambio de criterios na avaliación continua. Indica que estes foron explicados perfectamente ao principio do curso e mantidos ata o final. Sen embargo, recoñece que houbo cambios. Dado que a taxa de éxito da materia foi moi mala, cambiáronse algúns criterios, pero sempre a favor do/a alumno/a e estudando caso por caso. É dicir, os cambios non supuxeron ningún prexuízo para ningún/ha estudante porque se mantiveron os orixinais e só se aplicou outro baremo en caso de que lle favorecese.

Sobre as diapositivas empregadas e postas no curso virtual, o coordinador da materia sostén que son axeitadas e non entende as críticas. Outra opción sería entón, non deixar ningunha presentación para o/a alumno/a. Con respecto á saída de campo móstrase sorprendido polo problema observado xa que, segundo os comentarios dos/as propios/as alumnos/as, resultoulles moi útil e interesante. Sen embargo, parece ser que as críticas van máis encamiñadas á organización, creación dos grupos, información xeral, etc., e non á propia práctica. O profesor toma nota desta aclaración e terao en consideración de cara ao futuro. No que si se mostra tallante é en que non fixo difusión de notas de alumnos/as ou doutras cuestións personais a través de redes sociais.

Con respecto aos traballos en grupo, tan criticados por algúns/as, o prof. **Baselga** indica que de cara ao próximo curso estes xa foron suprimidos posto que xa

observaba os problemas e o descontento neste apartado.

As diferenzas nos “niveis de esixencia” dos/as profesores/as no exame di que son normais entre persoas diferentes, pero que en todo momento se axustaron aos contidos e nivel tratados e que houbo un exame único para ambos grupos xa que tamén houbo reparto de docencia e cada profesor/a corrixiu a súa parte en ambos grupos. Como se indicou máis enriba, cre que o nivel da materia se ten baixado suficientemente e que o exame foi do máis fácil e xeral que se puido facer. A materia tivo unha elevada taxa de non presentados/as na primeira convocatoria e moitos/as estudantes, ao coñecer o nivel do exame, lles reprocharon aos/ás profesores/as que o fixesen tan fácil porque non o esperaban e que se o soubesen, teríanse presentado a exame.

### **Xenética I**

A coordinadora da materia, profa. **Gómez**, trasladará ao profesor correspondente os solapamentos reportados polos/as alumnos/as no grupo A, aínda que dubida de que haxa diferenzas sustanciais entre os contidos en ambos grupos. En canto ao feito de que os exames sexan distintos para cada grupo, é algo que non se vai a resolver e mentres sigan os/as profesores/as actuais, vaise a manter nos próximos cursos. O problema ocorrido co cambio de data (máis ben data alternativa) para o exame xa foi comentado e explicado ao coordinador de curso tanto polo profesor afectado como pola coordinadora. Foi unha situación puntual en que os/as profesores/as do grupo B non tiveron culpa e foi un problema de comunicación co decanato.

### **Botánica I**

A profa. **López** non comparte as graves críticas que se fan á materia nin ás profesoras. Recoñece que sempre foi unha materia que se lle complica a moitos/as alumnos/as polo tipo de contidos, e que con este formato de módulos a situación se agravou. Indica que todos os anos revisan e melloran o material docente, polo que non entende as críticas á calidade e utilidade das figuras das presentacións. Como en respostas anteriores doutros/as docentes, as diferenzas de “nivel” en exames percibidas polos/as estudantes lle parecen pouco significativas e indica que a maior dificultade imposta na súa parte do exame práctico era ter que facer un debuxo/esquema dunha diatomea. Na outra parte non había que facer debuxos.

### **Bioquímica I**

O coordinador da materia recoñece que non se alcanzou o final do temario en ambos

grupos e se avanzou máis (temario completo) no B, de aí as diferenzas de contidos. Pero o exame, único para ambos grupos, non penalizaba aos/ás do grupo A. A pesares do anterior, é curioso ver como na enquisa a valoración para o apartado 2 (cumprimento do temario) está mellor valorado o grupo A que o B, cando a realidade é xusto ao revés. No resto de actividades docentes (prácticas, seminarios, titorías e traballo en grupo), que son exactamente iguais para os dous grupos e en moitas delas non interveñen os profesores de expositivas, sempre está por enriba o grupo A do B, agás na pregunta 3. Isto, tanto para o coordinador de curso e profesor nesta materia, como para o prof. **Salgado**, fai dubidar da obxectividade dalgunhas respostas destas enquisas que parecen máis ben un voto de castigo para o profesor de expositivas, que ademais é o que evalúa o exame.

Sobre a falta de coordinación entre seminarios e expositivas, os profesores da materia indican que sempre se consultaron os problemas dos seminarios cos profesores de expositivas e mesmo algunhas preguntas foron postas por estes últimos. Non obstante, intentarán mellorar estes aspectos de cara ao curso próximo.


No futuro, tamén se tratará de mellorar a redacción ou exposición dalgunhas preguntas do exame que parecen ter sorprendido a algúns/as alumnos/as, aínda que en realidade se trataba de preguntas “normais e teóricas” revestidas dun enunciado máis aplicado a modo de problema real. Confíase tamén, dende a coordinación da materia, aclarar mellor, dende o principio de curso, os criterios de presentación/corrección da memoria de prácticas para que non haxa mensaxes contradictorias duns profesores/as con outros/as.

Para terminar, a profa. **Gómez** quere poñer en coñecemento dos/as presentes, e que tamén figure neste informe, que existe un portal de internet ([www.studocu.com](http://www.studocu.com)), polo menos, onde aparecen presuntos apuntamentos e presentacións de profesores/as desta facultade cos seus nomes (no sei se tamén apelidos) no título do documento. Considera que isto é unha vulneración dos dereitos e imaxe dos/as profesores/as, ademais de que pode ser unha vulneración dos dereitos de propiedade intelectual dalgunhas figuras e imaxes que compoñen o arquivo, utilizadas polo/a docente en clase.

## Terceiro Curso

### VALORACIÓN DO ALUMNADO: RESULTADOS DAS ENQUISAS DE PERCEPCIÓN DA DOCENCIA

Recolléronse un total de 57 enquisas, 20 do grupo A e 37 do grupo B. Destas, 27 incluían observacións e suxerencias. Tal e como se fixera no informe anterior (2 cuadrimestre 16-17) non se tiveron en en conta a preguntas 9 e 10 para realizar as medias de valoración das materias, xa que están relacionadas co esforzo e non coa satisfacción xeral co desenvolvemento da materia. A media conxunta da valoración situouse por riba de 2,3 en tódalas materias, e por riba de 2,41 excepto na materia Microbioloxía. As puntuacións do grupo A son maiores ca dos grupos B en todas as materias excepto en Microbioloxía I. Isto pode derivarse do menor número de enquisas obtidas no grupo A.



Media del resultado das enquisas de valoración para cada unha deas materias. As medias calculáronse utilizando os resultados das preguntas 1 a 8. Para o cálculo das medias de cada materia non se tiveron en conta as preguntas con menos dun 50% de respostas (valor 0 ou branco).

En canto aos comentarios xerais, existe certo consenso nas dificultades que atopan na fragmentación dos horarios, con numerosos tempos mortos nas tardes nas que teñen clases interactivas. Tanto no caso dos comentarios xerais como nos comentarios de cada unha das materias, tivéronse en conta só aqueles comentarios nos que coincidían a lo menos 3 estudantes. Inclúense tamén os comentarios das representantes de grupo, Elena González Martín (Grupo A) e Saladina Vilabert Gondal




(Grupo B) coas que se mantiveron entrevistas individuais unha vez rematado o período de exames do semestre.

## Valoración das materias

### Exoloxía I (Coordinador: Prof. Alejo Carballeira Ocaña)

O número de estudantes que avaliaron esta materia foi de 56. A media conxunta da materia foi de 2,42 (preguntas 1-8) e 2,29 (preguntas 1-10). Para o cálculo das medias non se tivo en conta a pregunta 4, que recibiu menos dun 50% de respostas. Na figura sinálanse en branco as preguntas para as que se recibiron menos dun 50% de respostas. Resulta especialmente significativa a baixa puntuación acadada nas preguntas 9 e 10, que xunto coa Microbioloxía I corresponden as máis baixas do semestre, indicando que os alumnos consideran que estas dúas materias requiren menos esforzo cas outras do semestre.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Na sección de observacións e suxerencias, diversas enquisas (5) sinalan que o temario resulta demasiado extenso para as horas de expositivas dispoñibles, posiblemente en relación a realización do exame antes das vacacións de Nadal, segundo comentan tamén as representantes de grupo, e piden que esta circunstancia se teña en conta para a planificación das clases, e que se axusten os contidos. Sinalan tamén (n=4) que os seminarios resultan demasiado densos e que os contidos non difiren as clases expositivas.

### **Fisioloxía Animal (Coordinadora: Prof. Celia Pombo Ramos)**

Contestaron a enquisa 53 estudantes, (18 del grupo A y 35 del grupo B). A media conxunta das enquisas para as preguntas 1-8 foi de 2,41, e para as preguntas 1-10 foi de 2,46. Tivéronse en conta todas as preguntas, xa que en todos os casos responderon máis dun 80%. Como na maioría das materias, a valoración do grupo A é máis alta ca do grupo B. En algúns casos, como nas preguntas 4 e 5 esta diferenza é altamente significativa.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústanse ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Recibíronse poucos comentarios na sección de observacións e suxerencias sobre esta materia. O representante do grupo A comenta que os seminarios están ben valorados, aínda que en 3 enquisas se comenta que o contido dos seminarios da parte II está demasiado enfocado a Biomedicina. Aparecen comentarios pouco significativos sobre o exceso de contidos na programación das clases expositivas e que algunha das prácticas de ordenador resulta difícil de seguir, aínda que se consideran útiles (N=2). A representante do grupo A comenta quen non hai queixas significativas, agás o elevado nivel de esixencia.

### Fisiología Vegetal I (Coordinador Prof. Javier Sampedro Jiménez)

Contestaron a enquisa para esta materia 53 estudantes (19 do grupo A e 34 do grupo B). A media das preguntas 1-8 para as respostas conxuntas foi de 2,41 e para as preguntas 1-10 foi de 2,44. De novo a valoración do grupo A foi maior que a do grupo B. Para a realización dos cálculos se tiveron en cota todas as preguntas, aínda que no caso da pregunta 4 so contestaron un 73% dos alumnos.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Na sección de observacións e suxerencias, existe un consenso xeral (n=8), tamén expresado polas representantes dos grupos, nas dificultades atopadas na resolución dos problemas que se fan nos seminarios e no exame. Precisarían de máis material de apoio, facer exemplos na aula e corrixilos, preferiblemente en grupos pequenos, xa que teñen dificultades para saber o tipo de información que teñen que incluír nas respostas. As representantes dos dous grupos afondan na necesidade de un maior apoio para a realización destas actividades. Atopase algún comentario positivo sobre o material audiovisual que se pon a disposición dos alumnos na aula virtual.

### **Microbioloxía (Coordinador Jesús López Romalde)**

Responderon a enquisa 56 alumnos (19 del grupo A y 37 del grupo B). A media desta materia, calculada de forma conxunta para os dous grupos é a máis baixa de todas as impartidas no primeiro semestre do curso 17-18: 2,33 para as preguntas 1-8 e 2,22 para as preguntas 1-10. Non se tivo en conta a pregunta 4, por presentar cerca dun 50% de respostas. Resulta especialmente significativo a baixa puntuación acadada nas preguntas 9 e 10, que xunto coa Ecoloxía I, corresponden ás máis baixas do semestre, indicando que os alumnos consideran que estas dúas materias requiren menos esforzo cas outras do semestre. É salientable a diferenza de tendencia entre a puntuación acadada entre os dous grupos en comparación con outras materias do semestre. Mentres que noutras materias a puntuación foi xeralmente maior no grupo A, no caso da Microbioloxía I, esta puntuación é igual ou en algúns casos netamente menor neste grupo (por exemplo preguntas 1, 2 e 7). Esta diferenza na valoración se reflexa tamén nalgúns comentarios observados soamente nas enquisas do grupo A sobre coordinación, axuste de contidos e organización das clases expositivas do profesor encargado da maior parte da docencia nese grupo. Na figura, sinálanse en branco a pregunta para a que se recibiron menos dun 50% de respostas.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústanse ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Na sección de observacións e suxerencias, pódese observar una certa discrepancia de criterio, xa que mentres que algúns alumnos indican que é necesario axustar o temario as horas dispoñibles e o contido das clases ao exame, a materia é avaliada coa nota máis baixa do semestre en canto a o esforzo e dedicación requirida. No grupo A aparecen algúns comentarios sobre contidos pouco organizados e pouco claros por parte do profesor encargado da maior parte das clases expositivas nese grupo, que é ratificada pola representante do grupo A. Coméntase tamén que os contidos non se axustan as esixencias do exame. Sen embargo estes comentarios non se reflicten en diferenzas significativas nas cualificacións acadadas en ambos grupos (INFORME DE LA DIFENCIA DE CALIFICACIONES ENTRE LOS DIFERENTES GRUPOS DE CLASES EXPOSITIVAS DEL CURSO 2017/18). Coméntase a pouca utilidade dos seminarios que non axudan a comprensión da materia e certa descoordinación entre os profesores que imparten a materia. As representantes coinciden na falta de utilidade do traballo de MOC utilizando Twitter proposto, principalmente debido a falta de tempo e coordinación. Denotase tamén certo

descontento coa parte do exame tipo test, que tamén comentan as representantes de grupo. É de resaltar a boa puntuación acadada polas clases prácticas, sendo a máis alta de todas as materias do semestre.

### **Xenética Evolutiva (Coordinador Gonzalo Alvarez Jurado)**

Contestaron a enquisa para esta materia 55 estudantes, (19 do grupo A e 36 do grupo B). A materia acada a media conxunta máis alta do semestre, con 2,61 para as preguntas 1-8 e a mesma nota para as preguntas 1-10. Non se tivo en conta para o cálculo de media o valor da pregunta 5, ao terse recibido menos dun 12% de respostas. Na figura, sinálanse en branco a pregunta para a que se recibiron menos dun 50% de respostas.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Na sección de observacións e suxerencias non se aportaron comentarios significativos, solicitándose puntualmente a realización de prácticas e a posta a disposición dos alumnos de material de apoio, pero estes comentarios aparecen soamente nunha enquisa. É salientable tamén que a materia segue a distribución xa

detectada no resto das materias, con unha maior puntuación no grupo A. Non aparecen comentarios que podan ser relacionados coa diferenza de cualificacións observada entre os dous grupos (INFORME DE LA DIFENCIA DE CALIFICACIONES ENTRE LOS DIFERENTES GRUPOS DE CLASES EXPOSITIVAS DEL CURSO 2017/18).

## **COORDINADORES DE MATERIAS**

---

### **REUNIÓN COS COORDINADORES DAS MATERIAS: VALORACIÓN DOS RESULTADOS DA ENQUISA**

A reunión cos coordinadores das materias para a avaliación dos resultados das enquisas celebrouse o día 11 de Setembro de 2018, asistindo como representantes de cada unha das materias os Profesores Alejo Carballeira (Ecoloxía I), Celia Pombo (Fisioloxía Animal), Javier Sampedro (Fisioloxía Vexetal I), Jesús L. Romalde (Microbioloxía I) e Román Vilas (Xenética Evolutiva).

A orde do día da reunión foi a seguinte:

1. Exposición por parte do coordinador de curso das principais incidencias recollidas no informe
2. Intervención dos coordinadores de materias para propor modificacións e comentarios
3. Curso 18/19. Comentarios por parte dos coordinadores de materias sobre modificacións na planificación das materias

No punto 1 a coordinadora explicou os criterios para o calculo das puntuacións e elaboración de gráficos e informes, que se mantiveron seguindo os criterios establecidos no informe do segundo semestre do curso 2016-2017. Discutiuse a conveniencia de incluír ou non as preguntas 9 e 10 no cálculo total da valoración das materias, decidíndose manter o criterio de non telas en conta para a valoración xeral, pero seguir incluíndo as dúas medias no texto para cada unha das materias.

Pasouse a ronda de comentarios por parte dos coordinadores das materias.

A coordinadora de Fisioloxía Animal responde ao comentario recollido en algunhas enquisas sobre o enfoque de algúns seminarios dirixido a temas de biomedicina, que estes enfoques complementaríanse con outros impartidos na materia de segundo semestre Fisioloxía Animal Comparada, e que na programación desta materia noutras

universidades inclúense sempre este tipo de temas, de interese para alumnos que queiran elixir unha especialización relacionada con aspectos clínicos.

O coordinador de Fisioloxía Vexetal I responde as queixas sobre as dificultades na realización dos exercicios prácticos que os profesores encargados da materia son conscientes das dificultades que teñen os alumnos nestas actividades. Por isto no curso 18-19 cambiarase a metodoloxía, fomentando que estes problemas se traballen en grupo e de xeito conxunto co profesor na aula. O coordinador manifesta a súa sorpresa polo comentario dos alumnos sobre a falta de utilidade das titorías, que entra en conflito cas dificultades expresadas polos alumnos con respecto a resolución dos exercicios, xa que nunha das titorías corrixiuse un dos exercicios que se incluíron no exame parcial.

O coordinador de Microbioloxía I expón que o traballo de Twitter propúxose como xeito de axudar os alumnos a facer un repaso dos temas de xeito sinxelo e salienta o pouco grao de compromiso e motivación dos alumnos nas actividades propostas, que non son valoradas polos alumnos polo resultado da aprendizaxe, se non polo peso que poden ter en facilitar que se supere a materia, o que corroboran o resto dos coordinadores de materias.

O coordinador de Xenética Evolutiva para o curso 18-19, Prof. Román Vilas, sobre a diferenza detectada entre os grupos en canto ó número de alumnos presentados e aprobados, que non se reflicte nas enquisas, comenta que xa se revisaron no curso 17-18 os criterios de avaliación do grupo B para intentar igualalos cos do Grupo A, aínda que sen resultados aparentes. Comenta tamén que aínda que os exames dos dous grupos non son idénticos, xa que no grupo B inclúense algunha de razoar, isto non debería afectar ó número de aprobados, xa que representan una parte pequena da nota.

Xa para finalizar, en canto ós comentarios de cambios para o curso 18-19, reiterase por parte do coordinador de Fisioloxía Vexetal I o cambio na metodoloxía de traballo para a resolución en común dos exercicios propostos.




## Cuarto Curso


### ALUMNADO

#### VALORACIÓN XERAL DA ENQUISA DE COORDINACIÓN


Cubríronse 92 enquisas (o modelo preséntase no Anexo I), que é un número elevado en comparación coas 41 do ano pasado. Destas 47 correspóndense co grupo A e 37 co grupo B; 8 alumnos non identificaron o grupo ao cal pertencen. O maior número de enquisas correspóndese coas dúas materias troncais (Bioloxía Molecular,  $n = 82$ ; Ecoloxía III,  $n = 83$ ), e o menor número coa materia optativa Edafoloxía ( $n = 19$ ).



Todos os items foron valorados como 0 (non procede), 1, 2 e 3. Tanto o nivel de esforzo (item 9; 1 baixo, 2 medio, 3 alto) como o Nº de horas semanais (item 10; 1, < 3 horas; 2, 3-6 horas; 3, < 6 horas) teñen unha elevada correlación (ver gráfica), algo que xa se observou previamente e que indica que a valoración dun só deles debería ser suficiente (información redundante).




O nivel de esforzo promedio de todas as materias do primeiro semestre é de  $2,31 \pm 0,49$  (media  $\pm$  SD), e o N<sup>o</sup> de horas semanais  $2,01 \pm 0,54$  (media  $\pm$  SD; 3-6 horas semanais en promedio por materia), existindo bastante dispersión nos datos (CV= 21,2% e 26,8%, respectivamente). Iso é debido a que existen tres grupos de materias: Un formado tan só por Bioloxía Molecular, que é a materia que require un maior esforzo/N<sup>o</sup> de horas semanais para a súa superación (2,99/2,91); un segundo constituído por materias da rama molecular (coa excepción de Edafoloxía) e que esixen ao os estudantes unha dedicación/N<sup>o</sup> de horas semanais intermedia; finalmente, un terceiro grupo de materias formado por aquelas materias que esixen un menor esforzo/número de horas de dedicación aos estudantes, e que concentra ás materias da rama ambiental: Ecoloxía III (1,73/1,38), Biodiversidade Vexetal (1,52/1,29) e Fitopatoloxía (1,70/1,27). Preséntase a gráfica do N<sup>o</sup> de horas de dedicación semanal:




Para obter a puntuación promedio das materias na enquisa tivéronse en conta soamente as valoracións das preguntas 1-8, dado que a 9 e 10 refírense ao esforzo que supoñen as materias para o alumno. A dispersión das notas das materias é máis baixa, cunha nota media  $\pm$  SD de  $2,39 \pm 0,22$  (CV = 9,2%). O 100% das materias superaron unha puntuación global de 2 (igual que o ano pasado), e 3 (Neurobioloxía, Edafoloxía e Microbioloxía Clínica) superaron os 2,5 puntos (o ano pasado 4 delas superaran este valor: Neurobioloxía, Bioloxía Molecular, Parasitoloxía e Biodiversidade Vexetal). É dicir, a valoración das materias do primeiro semestre de cuarto parece ser boa globalmente. Ademais, dúas materias tiveron unha puntuación practicamente de 2,5 (Biodiversidade Vexetal e Inmunoloxía), mentres que o resto das materias recibiron unha puntuación menor (sempre maior de 2). Chama poderosísimamente a atención o caso de Parasitoloxía de Bioloxía Molecular, que o ano pasado formaban parte das

materias que recibira mellor valoración polos estudantes ( $> 2,5$ ). En Parasitología podería ser debido a un cambio de profesorado, segundo despréndese das observacións dos estudantes, pero no de Bioloxía Molecular non hai ningunha razón aparente, salvo o cambio de promoción. As notas das materias parecen depender sobre todo do nivel de satisfacción coa avaliación ( $\rho = 0,915$ ,  $p < 0,001$ ), do cumprimento de tutorías ( $\rho = 0,839$ ,  $p < 0,001$ ), do nivel de formación que o alumno percibe que recibiu unha vez terminada a materia ( $\rho = 0,857$ ,  $p < 0,001$ ), do cumprimento da guía docente ( $\rho = 0,806$ ,  $p < 0,01$ ) e en menor medida do cumprimento do temario ( $\rho = 0,770$ ,  $p < 0,01$ ) ou os seminarios ( $\rho = 0,685$ ,  $p < 0,05$ ) (Spearman correlation). Outras cuestións como a existencia de redundancias, as prácticas, o esforzo que supón a materia, o número de horas dedicadas ou o número de enquisas (é dicir, o número de alumnos) non parecen ter unha correlación coa nota recibida pola materia.



O item mellor valorado é o 1, que se refire ao "axuste das actividades ao reflectido pola guía docente" ( $2,68 \pm 0,24$ ), seguido do item 2 ("o temario impartido axústase ao programa establecido") ( $2,61 \pm 0,30$ ) e o 8 ("a docencia da materia mellora a miña formación") ( $2,52 \pm 0,19$ ). O item peor valorado é, sen ningunha dúbida, o número 4, referido ás tutorías obrigatorias ( $1,79 \pm 0,28$ ); de feito, algúns estudantes non contestan este item (valor 0) aínda que na guía docente da materia figuran como actividade docente: é o caso de Bioloxía Molecular, Biodiversidade Vexetal e Conservación, Microbioloxía Clínica, Inmunoloxía, Edafoloxía, Fitopatoloxía, Neurobioloxía, Parasitología ou Viroloxía; a excepción parece ser a Ecoloxía III.



Houbo un único comentario en relación á propia enquisa por parte dos estudantes, cunha suxestión de pregunta: ¿Recibíronse as notas da avaliación continua rapidamente para poder mellorar rendemento con tanta avaliación?

Doutra banda, os/as alumnos/as realizaron unha serie de comentarios e suxestións xerais sobre o curso, que se indican a continuación por orde decreciente do número de comentarios realizados:

1. **Exámes.** 13 estudantes queixáanse da excesiva proximidade entre exames debido a unha mala planificación, pois se están a poñer datas de materias moi relacionadas unhas con outras moi próximas entre si. Suxíren que as datas dos exames de materias afíns colóquense con máis días de separación entre elas, e sexan intercaladas con datas de materias menos relacionadas. Ademais, valórase positivamente adiantar as datas de parte dos exames a decembro, e solicítanse dúas cousas:: a) Realización de exames antes da data oficial de segunda oportunidade, para poder optar a presentar TFG en xullo en lugar de ter que esperar a setembro; b) Terminar antes as clases se se fan os exames en decembro, porque hai pouco tempo entre que terminan as clases e os exames.
2. **Carga de traballo excesiva e pouco tempo libre para preparar as materias.** estudantes sinalaron este problema, que se repite en relación aos dous cursos anteriores (2015-16 e 2016-17). A densidade de contidos e a complicación da materia debe axustarse ao número de créditos, porque parece haber unha descompensación da cantidade de materia entre as diferentes materias a pesar de valer os mesmos créditos. Os estudantes pensan que se reduciron as horas expositivas pero non así a cantidade de materia a impartir (“Redución de horas lectivas implica redución de materia”), de modo que se acaban facendo traballos dese temario que non se dá e que ademais esa materia entra para o exame. Un estudante pide menos materias optativas e de máis créditos.
3. **Horarios.** 10 estudantes queixáronse de horarios mal organizados (moitas horas mortas que non se poden aproveitar para un TFG experimental), e de que os máis beneficiados no horario son os da “rama clínica”. Ademais, ter as clases obrigatorias de 18:00 a 20:00 parte a tarde e xera horas mortas; as clases obrigatorias deberían empezar ás 16:00. No informe do ano pasado aparecía un comentario similar: “os horarios das materias

obligatorias (Eco III y Bio Mol) poden mellorarse, sendo de mañá ou ben no caso de ter que ser de tarde de 4 a 6, e non de 6 a 8". Piden tamén que as materias que sexan ás 9 da mañá poidan ser diferentes cada día. Sinalan que hai un pouco de caos nos horarios das clases interactivas, chegando a ter que faltar a algunha por solapamento, e que para melloralo sería bo pór horarios de optativas por bloques, con materias afíns en horas seguidas para que as horas libres sexan polo menos 2; é dicir, agrupar os horarios das materias por ramas para que non haxa horas mortas (materias relacionadas seguidas).

4. **TFG e prácticas externa.** Derivado do punto anterior 5 alumnos quéixanse de falta de tempo para para elaborar adecuadamente o TFG e realizar prácticas optativas. Os estudantes demandan un TFG con mais de 6 ECTS.
5. **Carga excesiva de traballos.** Relacionado cos puntos anteriores, 4 alumnos/as quéixanse dunha descoordinación á hora de solicitar traballos. Indican que hai unha excesiva carga de traballos e que deben coordinarse mellor.
6. **Tutorías obrigatorias.** 3 estudantes quéixanse de tutorías obrigatorias excesivas e inútiles na maioría das materias de cuarto e engaden traballo extra que, a menos que se supere o exame, non é valorado, o que prexudica ao estudante. Piden eliminar as tutorías obrigatorias, que para eles non teñen sentido, e fomentar a tutorización privada. Unha queixa relacionada coas tutorías na mesma liña púxose no apartado de observacións do curso pasado.
7. **Máis información sobre o futuro laboral:** 3 alumnos/as demandan áis información no grao sobre bolsas, másteres, BIR, etc.
8. **Evaluación continua:** 3 alumnos destacan problemas relacionados coa avaliación continua. Se non se realiza o traballo de seminarios, prácticas, etc, suspéndese a materia, mentres que se o estudante dedícase á avaliación continua e non se aproba o exame todo o traballo realizado non será valorado. Estes alumnos ven ademais inxusto que se aplique unha avaliación tipo licenciatura (pídese un 5 no exame) e unicamente a partir de aí se empezou a ter en consideración todo o traballo realizado en avaliación continua. Solicitan ademais unha avaliación continua máis real, é dicir,

avaliar os contidos prácticos e de seminario no transcurso destas actividades, non no día do exame.

9. **Enchufes:** 2 estudantes solicitan enchufes na aula 8, e comentan que foi boa idea colocar enchufes nas aulas 1, 2 e 3.
10. **Exame segunda oportunidade:** 2 alumnos/as apuntan que debería brindarse a oportunidade de subir a nota dun exame na seguinte oportunidade (xuño-xullo) a aquel que, aprobando na primeira, así o decide.
11. **Destrezas fronte a contidos:** Para 2 estudantes debería contabilizar máis a parte práctica que a teórica en determinadas materias. Debería de priorizarse a adquisición de destrezas fronte á memorización de contidos, especialmente en Viroloxía y en Microbioloxía Clínica.
12. **Material multimedia:** Un estudante sugiere que se mejore la calidad del material multimedia que se cuelga en el campus virtual de algunas asignaturas.
13. **Debates:** Un estudante suxire que existan máis seminarios con debates en todas as materias.
14. **Lingua de impartición da materia:** Para un/unha estudante se unha materia dáse en castelán debería darse na súa totalidade neste idioma, xa que hai alumnos que veñen de fóra e que iso lles representa unha gran dificultade.
15. **Enfoque das materias:** Para un/unha estudante Microbioloxía Clínica, Viroloxía e Parasitoloxía están demasiado enfocadas ao ser humano, limitándose a unha lista de especies e moi pouco a evolución ou taxonomía, obviando os microorganismos e parásitos que afectan a especies que non son a humana.
16. **Agradecementos:** Un/unha alumno/a agradece aos docentes que permiten por datas de exames alternativas.
17. **Conciliación traballo/estudos:** Un/unha estudante solicita que se facilite a superación do curso aos alumnos que teñen que traballar, xa que a excedencia só se aplica ás clases expositivas cando o problema son as clases interactivas (sen a asistencia a estas queda anulado o poder presentarse ao exame, aínda pagando a matrícula).

18. **Solapamentos:** Para un/unha estudante existe excesivo solapamento entre Biodiversidade Animal e Vexetal, Zooxeografía e Xeobotánica. Suxire manter "Biodiversidade e Conservación" e "Zooxeografía", pero por novas materias da rama ambiental.
19. **Prácticas externas:** Un/unha alumno/a comenta que as prácticas externas son moi positivas para a formación dos estudantes.
20. **Participación:** Finalmente, para un/a alumno/á aprendizaxe melloraría se as clases fosen máis participativas e reflexivas en lugar de simplemente sentar a escoitar ao profesor.

## VALORACIÓNS DE CADA PREGUNTA DO CUESTIONARIO

1. **As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente.** *Resposta dos estudantes:* As materias axustan as actividades que se realizaron ao explicitado na guía docente. De feito, o 70% das materias supera o 2,5 neste apartado e o 100% o 2,  $2,68 \pm 0,24$  (media  $\pm$  SD).
2. **O temario impartido axústase ao programa establecido.** *Resposta dos estudantes:* As materias do primeiro semestre seguiron un temario que se corresponde co programa establecido na guía docente da materia; o 70% das materias supera o 2,5 neste apartado e o 100% unha puntuación de 2,  $2,62 \pm 0,30$  (media  $\pm$  SD).
3. **Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou de cursos diferentes.** *Resposta dos estudantes:* Non se aprecian redundancias nin solapamentos entre as materias máis aló do habitual. O 60% das materias teñen un valor maior ou igual a 2,5, un 90% un valor de maior ou igual a 2, e só unha materia (Bioloxía Molecular) ten un valor inferior a 2,  $2,47 \pm 0,34$  (media  $\pm$  SD).
4. **As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia.** *Resposta dos estudantes:* Todas as materias do primeiro semestre teñen indicadas titorías no seu guía docente, pero no 90% das materias (salvo Ecoloxía) os estudantes non valoraron ese apartado, ou o fixeron cunha baixa puntuación, de modo que é o item con peor nota de todos os da enquisa. Os estudantes indican nas observacións que as titorías non funcionana.  $1,79 \pm 0,28$  (media  $\pm$  SD).
5. **Las clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidad para el desarrollo**

- de la materia.** *Resposta dos estudantes;* Este item está ben valorado. Un 88,9% das materias (8 de 9; Bioloxía Molecular no ten prácticas) presentan unha valoración superior a 2, pero tan só un 33,3% (3 de 9; Biodiversidade Vexetal, Viroloxía y Microbioloxía Clínica) teñen unha valoración superior ou igual a 2,5, o que indica que hai marxe de mellora nas prácticas.  $2.47 \pm 0.20$  (media  $\pm$  SD).
- 6. Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.** *Resposta dos estudantes:* Do mesmo xeito que o curso pasado este item segue sendo o segundo peor valorado, despois das titorías, aínda que a nota media dos seminarios en cuarto de grao non é baixa:  $2,29 \pm 0,27$  (media  $\pm$  SD). A variabilidade entre as materias tampouco é alta (CV = 11,8%). Isto relaciónase con que soamente 3 materias superaron os 2,5 puntos (30%) e hai 9 materias con máis de 2 puntos (90%). A única materia cunha puntuación menor de 2 neste apartado foi Fitopatoloxía (1,73). Así que os seminarios deben mellorar, aínda que no apartado de observacións os estudantes non apuntan en que sentido podería vir esa mellora.
- 7. O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas.** *Resposta dos estudantes:* Este item está algo mellor valorado, e móstranos que os estudantes non consideran en xeral que o nivel esixido na avaliación estea por encima do impartido na aula.  $2,30 \pm 0,50$  (media  $\pm$  SD). Con todo, a variabilidade dos datos deste item é máis elevada que outros (CV = 21.7%), fundamentalmente asociado aos baixos valores de Fitopatoloxía (1,94) e especialmente Bioloxía Molecular (1,68) e Parasitoloxía (1,46).
- 8. A docencia da materia mellora a miña formación.** *Resposta dos estudantes:* Este item está ben valorado ( $2,52 \pm 0,19$ ; media  $\pm$  SD), e móstranos que os alumnos están contentos coa formación recibida e senten que ampliaron os seus coñecementos. Ningunha nota baixou de 2, e as materias que mellor nota sacaron neste item foron Microbioloxía Clínica (2,8), Neurobioloxía (2,68), Edafoloxía (2,68), Biodiversidade Vexetal (2,62), Ecoloxía III (2,54) e Inmunoloxía (2,53). Fitopatoloxía (2,22) e Viroloxía (2,31) foron as materias con menor valoración deste apartado da enquisa.
- 9. Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto).** *Resposta dos estudantes:* Este item indica que o primeiro semestre de cuarto supón bastante dedicación e esforzo por parte dos estudantes.  $2,31 \pm 0,49$  (media  $\pm$  SD). Xa comentado previamente.
- 10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).** *Resposta dos estudantes:*  $2,01 \pm 0,54$



(media  $\pm$  SD); é dicir, en media unhas 3-6 horas á semana. Xa comentado previamente.

## COMENTARIOS SOBRE CADA MATERIA EN PARTICULAR


### **Ecoloxía III (coordinador: José Carlos Rubén Retuerto Franco)**

Nº enquisas total: 83, nota promedio  $2,44 \pm 0,42$ , Nº de horas 1,38.

GRUPO A: Nº enquisas 43, nota promedio  $2,46 \pm 0,39$ , Nº de horas 1,40.

GRUPO B: Nº enquisas 33, nota promedio  $2,38 \pm 0,47$ , Nº de horas 1,36.

4 estudantes valoran moi positivamente o traballo do profesorado desta materia e o método docente do profesor da materia, que facilita moito a comprensión da materia e promove o pensamento crítico. Un estudante sinala que o grao de atención do profesor cara aos alumnos é alto, mesmo a pesar das súas xornadas maratonianas, con clases, prácticas e titorías. Un estudante indicou que a excursión á mina resultou moi interesante, dous alumnos que as tutorías de Ecoloxía III deberían desaparecer ou ser optativas, outros dous que o seminario de Ecoloxía III é moi positivo para o desenvolvemento do pensamento crítico e o debate, que aínda que non axudan a superar a materia son interesantes para a formación. Demándase para estes seminarios que se debería engadir polo menos unha charla impartida por unha muller. Un alumno indica que é unha materia redundante e que a avaliación continua perde sentido cando se avalía todo o día do exame. Tres alumnos critican as prácticas de computador por varios motivos: falta de utilidade, mala organización/orientación e moita información para poucas prácticas.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse as reflectidas na guía docente da mesma
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso

- 4.- *As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia*
- 5.- *As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia*
- 6.- *Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia*
- 7.- *O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas*
- 8.- *A docencia da materia mellora a miña formación*

### **Bioloxía Molecular (coordinador: Primitivo Barja Francisco)**

Nº enquisas 82, nota promedio  $2,05 \pm 0,34$ , Nº de horas 2,91.

GRUPO A: Nº enquisas 44, nota promedio  $2,12 \pm 0,34$ , Nº de horas 2,88.

GRUPO B: Nº enquisas 32, nota promedio  $2,02 \pm 0,37$ , Nº de horas 2,94.


7 estudantes felicitan ao profesor pola dedicación, o traballo e o tempo investido na preparación das clases, a súa forma de dar a clase, a súa implicación na impartición da materia. Considéranla unha materia interesante, importante ou básica, que ensina conceptos importantes para aqueles alumnos que se queren dedicar á investigación molecular.

Con todo, esta materia foi a que máis críticas recibiu. Moitos destes mesmos estudantes que felicitaron ao profesor forman parte dos alumnos que ao mesmo tempo critican a cantidade de materia que se imparte nesta materia obrigatoria de 4,5 ECTS. En concreto 28 alumnos pertencentes tanto ao grupo A como ao B sinalan que Bioloxía Molecular require máis tempo de docencia ou o temario debe reducirse (“temario inabarcable”), xa que se segue dando o mesmo temario a pesar da redución do número de horas de docencia expositiva. Para eles 4,5 ECTS son escasos para a densidade de materia (“esta materia debería facerse anual, non semestral”) e o esforzo que supón, sendo difícil compensar as horas que require Bioloxía Molecular co estudo do resto de materias. Ademais, o nivel desta materia non está en concordancia cun grao con coñecementos xerais, polo que dan dúas opcións: ou se reduce o temario e dáse ben ou non se reduce e dáse en menor profundidade. Hai tamén desconformidade coa nota da materia, que non reflicte o esforzo dedicado, e quéixanse de falta de organización á hora de dar a materia, xa que o profesor dedicoulle demasiado tempo aos primeiros temas, que se solapan con outras materias previas, e non profundou tanto nos últimos, que foron explicados moi rápido e foron os máis preguntado no exame. Todos estes comentarios coinciden co informe do ano pasado, que dicía “É xeneralizado o comentario sobre o excesivo número de horas de traballo que require o estudo desta materia para os 4,5 ECTS asignados; pensan que este número de créditos non reflicten a complexidade e o esforzo que esixe aprobar esta materia, e que debería supor máis créditos, xa que require máis de 62.5 horas de traballo persoal aprobala”.

Doutra banda, 17 alumnos dos grupos A e B apuntan a unha alta esixencia/dureza na materia e no exame, cunha corrección dura e demasiado subxectiva do exame que parece facerse “en función do exame máis completo”. O método de corrección do exame é difícil de entender polos estudantes. Quéixanse de que cada erro ou ausencia no exame resta demasiado. Propoñen reducir o nivel de esixencia, sobre todo ao ser unha materia impartida no último ano de grao e valendo tan poucos créditos. Outro problema que teñen os estudantes é o modo de responder as preguntas do exame. Isto evidénciase nun comentario do ano pasado dun estudante reflectido no informe de coordinación: “Só un dos estudantes sinalou que as preguntas do exame de Bioloxía Molecular deberían ser máis exactas, menos ambigüas”.

Para 5 estudantes sería necesario eliminar os seminarios de investigación de Bioloxía Molecular dado que non resultan útiles para o desenvolvemento de Bioloxía Molecular, ao non reforzar os coñecementos das clases maxistras. Propoñen adxudicar estas horas ao resto da materia, para que o profesor de teoría poida desenvolve-la con máis profundidade. Ademais, quéixanse de que se avalía ao alumno nuns seminarios completamente teóricos onde asisten máis de 50 alumnos e non hai interacción, non se dan apuntamentos por onde estudar e a dificultade que esta parte ten é desmedida. Propoñen alternativamente substituílos por unhas prácticas con algunha das técnicas que se explican nos seminarios, porque pensan que é pouco didáctico o método de estudar as técnicas.

6 estudantes manifestan que Bioloxía Molecular non debería ser unha materia obrigatoria, senón optativa, ou ben de ser obrigatoria que se aumenten os créditos ou se reduza o programa da materia. Algúns deles tamén comentan que podería ser boa idea cursar esta materia antes, por exemplo en terceiro, xa que se aprenden cuestións necesarias para outras materias.



1.- As actividades realizadas na materia axústanse as reflectidas na guía docente da mesma


2.- O temario impartido axústase ao programa establecido

- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación

### **Biodiversidade vexetal e conservación (coordinador: Javier Ángel Guitian Rivera y Pablo Guitian Rivera)**

Nº enquisas 21, nota promedio 2,49 ± 0,38, Nº de horas 1,29.

Houbo un cambio de profesorado este ano na materia. Un estudante indicou que os dous profesores da materia Javier Anxo Guitian Rivera e Pablo Guitian Rivera son grandes docentes, mentres que outro alumno queixase de que non foron impartidas as prácticas que se reflicten na guía docente porque non se “adaptaron ao novo profesor”.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse as reflectidas na guía docente da mesma
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación

### **Microbioloxía Clínica (Coordinadoras: María Ángeles Muñoz Crego y María Isabel Santos Rodríguez)**

Nº enquisas 41, nota promedio 2,61 ± 0,35, Nº de horas 2,20.

5 estudantes valoran moi positivamente o traballo do profesorado desta materia. Clases interesantísimas e moi didácticas, “das mellores”. Aínda que o contido da materia sexa elevado as clases son dinámicas e de gran utilidade na formación do

estudiante. Un alumno mostra a súa elevada satisfacción coas prácticas.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse as reflectidas na guía docente da mesma
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación

### **Inmunoloxía (Coordinadora: Pilar Arias Crespo)**

Nº enquisas 51, nota media  $2,48 \pm 0,28$ , Nº de horas 2,14.

Os estudantes non fixeron apenas comentarios sobre esta materia. 3 alumnos valoran moi positivamente o traballo da profesora desta materia e o grao de interese desta materia optativa, a súa organización. Un estudante queixouse do modelo de exame, no que non se pode demostrar que se entende a materia, e outro recomendou un cambio na orde da explicación, porque en certos momentos mestúranse temas.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse as reflectidas na guía docente da mesma
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso

- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación

### **Edafoloxía (coordinadora: Rosa María Calvo de Anta)**

Nº enquisas 19, nota promedio 2,56 ± 0,28, Nº de horas 2,42.

Ao contrario que o ano pasado, que non había queixas en relación a esta materia, este ano presenta unha serie de comentarios. 4 estudantes comentan que a profesora de Edafoloxía emprega metodoloxías docentes que requiren unha actualización (“dita os apuntamentos en clases”), o que nos lles resultade pedagóxico. No mesmo sentido un alumno comenta que o contido da materia é completo e didáctico, pero hai que mellorar as formas. Quéixanse ademais de que segundo a profesora na materia é máis importante "memorizar" que "entender", de modo que a "non memorización penaliza no exame". Para outro/a estudante os criterios de avaliación e corrección son subxectivos, e non valora o contido do exposto, mentres que 2 alumnos/as quéixanse de que a profesora non acepta faltas justificadas: O exame son 10 puntos e súmase un punto se se falta a menos de 4 clases expositivas ou seminarios. Trátase dun punto extra, pero hai discrepancia co que indica a guía docente (1 punto na nota final). Ademais, os alumnos representantes nos órganos de goberno da USC vense prexudicados por este método, xa que non se poden justificar tales faltas xa que se trata dun punto a maiores da nota. Un estudante pide tamén mellorar a calidade dos esquemas con fotografías de horizontes que se proporcionan aos estudantes vía correo electrónico (mellor en cor), mentres que outro comenta que se empregaron horas de seminario para seguir impartindo docencia e que na saída de campo a profesora seguía dando clase no canto de facer participar máis ao alumnado. Finalmente outro/a alumno/a comenta que a práctica sería máis produtiva sabendo onde van os estudantes.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse as reflectidas na guía docente da mesma
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación

## Fitopatoloxía (coordinador: Antonio Segura Iglesias)

Nº enquisas 33, nota promedio 2,17 ± 0,33, Nº de horas 1,27.

Esta materia, a diferenza do ano anterior, recibiu varias queixas. Un estudante comenta que o profesor chegaba tarde e marchaba antes de tempo, pero como coordinador de cuarto gustarame resaltar que o alumno non indica a contía, de modo que se son 5 min antes e despois do cambio de clase está dentro do que obrigan as recomendacións do Decanato para permitir que os estudantes poidan trasladarse a outras aulas. Outro estudante quíxase de que se utilizaron horas de seminario para dar materia de clase, e 2 de que hai que mellorar a docencia teórica: As explicacións son demasiado superficiais e non se comparte a idea de que haxa materias máis sinxelas con menos esixencia para compensar outras que son difíciles ( cousas que ven no porcentaxes de aprobados), senón que as materias téñense que axustar aos créditos. Crítica á "profesionalidade" do profesor, pero sen especificar máis. En relación ao exame, para 5 alumnos este foi ambiguo nas preguntas test, confuso, e o nivel esixido foi superior á formación ofertada en clase. Suxírese dar máis peso ás cuestións e menos a preguntalas test. Outro/a estudante comenta que existe moita redundancia na materia e que as actividades como as prácticas e traballos son formativas e interesantes, e deberíanse potenciar aumentando as horas. Deberíase tamén adiantar a data de entrega do herbario.




1.- As actividades realizadas na materia axústanse as reflectidas na guía docente da mesma

- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación

### **Neurobioloxía (coordinador: Manuel Alejo Aldegunde Villar)**

Nº enquisas 38, nota promedio  $2,65 \pm 0,27$ , Nº de horas 2,21.

Os estudantes móstranse moi contentos con esta materia como noutros anos. 3 alumnos escribiron que aínda que o contido da materia sexa elevado as clases son dinámicas e de gran utilidade na formación do estudante, polo que existe unha elevada satisfacción coas clases teóricas e a organización desta materia optativa. Outro estudante destaca a elevada satisfacción coas prácticas. Como problemas a solucionar un estudante apunta ás listas de prácticas, xa que se por descoido do estudante non se anotaba a elas non se lle permitía a súa realización posterior; outra suxestión que vén doutro/a alumno/a é explicar a anatomía do cerebro, xa que non hai unha materia de anatomía no grao.




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse as reflectidas na guía docente da mesma
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación



### Parasitología (Coordinadora: María Esperanza Paniagua Crespo).

Nº enquisas 27, nota promedio  $2,07 \pm 0,49$ , Nº de horas 2,15.

A diferenza doutros anos, en que os estudantes se mostraban moi contentos con esta materia, este ano houbo algunha queixa derivada dun cambio no profesorado e unha nota baixa na materia. 2 estudantes esixen aos profesores que se manteña a coherencia na docencia; é dicir, que os conceptos de exame deben ser claros e quedar definidos desde o principio, xa que debido á substitución da profesora o nivel de exame non estaba acorde co nivel impartido en clase. Outro aspecto criticado por un/a alumno/a é a mala administración do tempo en clases teóricas, de forma que ao final déronse varios temas importantes de forma moi por encima.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse as reflectidas na guía docente da mesma
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento dos contidos da materia
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación

### Viroloxía (Coordinadora: Carlos Pereira Dopazo)

Nº enquisas 32, nota promedio  $2.34 \pm 0.32$ , Nº de horas 2.13.

Un/a estudante destaca que esta materia optativa pareceulle moi interesante e ben organizada. Houbo críticas de 4 estudantes en relación ás prácticas, que consideran moi extensas, ou que non achegan "ningún coñecemento", ou que a memoria de prácticas é moi longa e confusa. Solicitan que se facilite antes o material complementario aos alumnos para poder facer a memoria despois de pasar por prácticas e non esperar a que as fixeran todos os grupos. Un estudante quéixase da docencia na primeira parte da materia, que non achega

coñecementos ao estudante, e tres da existencia de demasiados traballos (semanal, grupal, memoria), sen dar corrección e case sen puntuar. Finalmente, houbo unha queixa dunha actitude pouco receptiva cara aos estudantes do profesor da materia. En relación ao exceso de traballo nesta materia, no informe do ano pasado dous alumnos opinaban que “as prácticas de Viroloxía deberían organizarse mellor” ou que había un “exceso de traballo fóra de clase, con preguntas, casos clínicos, traballo para presentar e memoria de prácticas, que é demasiado para 4,5 ECTS”.

## **COORDINADORES DE MATERIAS**

### **REUNIÓN COS COORDINADORES DE MATERIAS DE CUARTO CURSO**

A continuación preséntase a acta da reunión mantida polo coordinador de cuarto curso cos coordinadores das materias que se imparten no primeiro cuatrimestre, en relación coa enquisa sobre a percepción da docencia do alumnado. Esta reunión celebrouse o 22 de marzo de 2018 de 13 a 14 horas.

#### **LISTADO DE ASISTENTES:**

- José Carlos Rubén Retuerto Franco (Ecoloxía III)
- Manuel Alejo Aldegunde Villar (Neurobioloxía)
- Rosa María Calvo de Anta (Edafoloxía)
- Carlos Pereira Dopazo (Viroloxía)
- Primitivo Barja Francisco (Biología Molecular)
- Pablo Guitián Rivera (Biodiversidade Vexetal e Conservación)
- Javier Guitián Rivera (Biodiversidade Vegetal e Conservación)
- Francisco J. Salgado Castro (Coordinador de 4º)

Debido a peticións previas por parte de varios profesores, nesta reunión soamente foron convocados os docentes que impartiron clase no primeiro semestre. Os profesores María Ángeles Muñoz Crego (Microbioloxía Clínica), María Isabel Santos Rodríguez (Microbioloxía Clínica), Antonio Segura Iglesias (Fitopatoloxía), María Esperanza Paniagua Crespo (Parasitoloxía), e María Pilar Arias Crespo (Inmunoloxía) escusaron a súa asistencia por diversos motivos.

## **ORDE DO DÍA:**

1. Informe xeral sobre a percepción dos alumnos da docencia en cuarto de grao.
2. Rolda aberta de intervencións para coñecer a opinión dos profesores das distintas materias.

### **1. Informe xeral sobre a percepción dos alumnos da docencia no primeiro semestre de cuarto de grao**

O coordinador de cuarto fixo un breve resumo xeral dos datos máis sobresaíntes da enquisa, aínda que previamente fora enviados, por correo electrónico a cada un deles, os resultados específicos da a súa materia.

### **2. Rolda aberta de intervencións para coñecer a opinión dos profesores das distintas materias.**

A medida que o coordinador de cuarto comentaba os resultados principais do informe das enquisas dos alumnos, os coordinadores das materias foron facendo unha serie de anotacións en relación a cada un dos puntos. Así, en relación ao tema da excesiva proximidade entre as datas dos exames coméntase que esta é unha cuestión máis de decanato que non está baixo o control dos coordinadores das materias. Ademais, o profesor Carlos Pereira (Viroloxía) comenta que cando se ofertan exames extra antes das vacacións de nadal para evitar este tipo de problemas apenas son empregados polos estudantes. En canto ao comentario recorrente da excesiva carga de traballo en cuarto e o pouco tempo libre para preparar as materias para o profesor Carlos Pereira Dopazo (Viroloxía) tampouco existe problema cos traballos. Sinala que na súa materia si que existen unha serie de traballos, pero non se pode falar de carga excesiva de traballo xa que a extensión de cada un deles é pequena e non debe de superar as dúas follas de lonxitude, o cal non sempre é cumprido polos alumnos.

En relación ao punto do material multimedia e do material que se lle deixa aos estudantes na web, o profesor Aldegunde (Neurobioloxía) comenta que el non ten o deber de subir a información, mentres que o profesor Pereira (Viroloxía) indica que na súa materia sóbese información, pero non se deixa todo. Para a profesora Calvo (Edafoloxía) non é problema deixar o material para os estudantes na aula virtual, pero o que deixa non se corresponde coas diapositivas de clase exactamente, senón que é unha versión simplificada e sen imaxes para evitar os problemas de dereitos de autor. O profesor Barja (Bioloxía Molecular) deixa moita información na aula virtual, co fin de que os alumnos poidan entender mellor a materia e profundar se queren; o problema para este docente é que os alumnos interpretan que todo o que deixa é para estudar,

polo que os estudantes quéixanse dun exceso de materia, a pesar de que o profesor avisa das partes que entran e as que non para o exame; conclúe que o próximo curso reducirá a cantidade de información deixada na web, para que non haxa estes problemas. Suxírese deixar a información arquivada en dous cartafol: o que entra no exame e o que non entra. O profesor Aldegunde (Neurobioloxía) profunda neste problema indicando que un problema dos estudantes é precisamente que hai que dicirlles o que entra e o que non, xa que non saben distinguir o que é importante nunha materia e o que é accesorio, os comentarios colaterais e o que realmente é esencial. En relación a este tema do material docente que se deixa na aula virtual o profesor Pereira (Viroloxía) comenta que a pesar de que non é obrigatorio facelo o certo é que nas auditorias están a quitarse puntos si os profesores non deixan material didáctico nas aulas virtuais. Ademáis, ao deixar material docente nas aulas virtuais estase a desacostumar aos alumnos no uso dos libros.

En canto ao punto relativo ao tema da demanda de información sobre o futuro laboral por parte de 3 estudantes o profesor Pereira comenta que se lles ofreceron titorías en relación ao tema do diagnóstico virolóxico e do BIR, e titorías personalizadas para temas de Bioloxía Molecular, pero o problema é que ao facelas voluntarias os estudantes non asisten a elas. Este docente non entende que os alumnos se queixen de que non hai titorías, pero cando as hai non as usan.

Finalmente se debate sobre o tema do exame de segunda oportunidade, xa que dous alumnos apuntan que debería brindarse a posibilidade de subir nota na seguinte oportunidade a todo aquel estudante que, aprobando na primeira oportunidade, desexe subir nota. Para os profesores Javier e Pablo Guitián (Biodiversidade Vexetal e Conservación) non é unha situación frecuente, pero en xeral os profesores mostran a súa conformidade con esta proposta, xa que se os suspensos teñen dereito a subir a nota na seguinte oportunidade os aprobados deberían de ter o mesmo dereito. Pensan que é un tema de cambio de normativa que é necesario propor desde a Facultade á Secretaría Xeral. O coordinador de cuarto quedou en consultar (e remitir posteriormente un correo coa información) se a normativa prohibe expresamente que o estudante que aprrobe na primeira das oportunidades non poida presentarse a segunda oportunidade ou esta imposibilidade é máis ben un tema da aplicación informática da USC, que non o permite aínda que a normativa si. Se isto último fose a razón coméntase se sería posible mentres paliar dalgunha maneira este problema incluíndo na guía docente do próximo ano un comentario no apartado da avaliación para permitir a posibilidade de que os estudantes que aprobasen o exame da primeira oportunidade e quixesen subir nota na segunda puidesen facelo.

## Anexo I

### ENQUISA DE PERCEPCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DAS MATERIAS.

#### CURSO 2017-18. 1º CUADRIMESTRE.

Na táboa que segue a continuación podes valorar os seguintes apartados desta enquisa. A escala de valoración vai dende **0 (non procede)**, **1 (moi en desacordo)** ata **3 (moi de acordo)**.

Apartados da enquisa:

- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo personal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana)

Pregunta 1						
Pregunta 2						
Pregunta 3						
Pregunta 4						
Pregunta 5						
Pregunta 6						
Pregunta 7						
Pregunta 8						
Pregunta 9						
Pregunta 10						
Observacións e suxerencias por orde de prioridade:						

## Anexo II

### RESULTADOS DA ENQUISTA DE PERCEPCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA. 1º CURSO DO GRAO EN BIOLOXÍA. PRIMEIRO CUADRIMESTRE 2017-18.

#### GRUPO A

GRUPO A													
	TOTAL RESPUESTAS	TOTAL RESPUESTAS PROCEDENTES	DESACUERDO/BAJO		MEDIO		DE ACUERDO/ALTO		NO PROCEDE		PROMEDIO	MEDIA GLOBAL (8 primeros ítems)	
			1		2		3		0			2,00	2
			n	%	n	%	n	%	n	%			
<b>MATEMÁTICAS</b>													
As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma	55	22	0	0,00%	9	40,91%	13	59,09%	33		2,59	2,33	
O temario impartido axústase ao programa establecido	55	45	0	0,00%	10	22,22%	35	77,78%	10		2,78		
Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias	54	44	3	6,82%	4	9,09%	37	84,09%	10		2,77		
As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia	54	46	11	23,91%	17	36,96%	18	39,13%	8		2,15		
As clases prácticas (laboratorio/campo/ordenador) son de utilidade para o desenvolvemento da materia	55	53	18	33,96%	18	33,96%	17	32,08%	2		1,98		
Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia	54	29	9	31,03%	7	24,14%	13	44,83%	25		2,14		
O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas	55	54	17	31,48%	13	24,07%	24	44,44%	1		2,13		
A docencia da materia mellora a miña formación	55	51	16	31,37%	14	27,45%	21	41,18%	4		2,10		
Nivel de esforzo e dedicación que exige a materia (1=baixo, 2=medio, 3=alto)	55	55	7	12,73%	29	52,73%	19	34,55%	0		2,22		
Nº aproximado de horas de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: <3 h/sem; 2: 3-6 h/sem; 3: >6 h/sem)	55	54	25	46,30%	24	44,44%	5	9,26%	1		1,63		
												MEDIANA	MODA
<b>BIOFÍSICA</b>													
As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma	55	20	0	0,00%	6	30,00%	14	70,00%	35		2,70	2,61	
O temario impartido axústase ao programa establecido	55	44	0	0,00%	7	15,91%	37	84,09%	11		2,84		
Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias	54	44	4	9,09%	9	20,45%	31	70,45%	10		2,61		
As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia	55	53	8	15,09%	11	20,75%	34	64,15%	2		2,49		
As clases prácticas (laboratorio/campo/ordenador) son de utilidade para o desenvolvemento da materia	53	23	3	13,04%	7	30,43%	13	56,52%	30		2,43		
Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia	48	47	0	0,00%	16	34,04%	31	65,96%	1		2,66		
O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas	55	51	5	9,80%	13	25,49%	33	64,71%	4		2,55		
A docencia da materia mellora a miña formación	55	52	1	1,92%	20	38,46%	31	59,62%	3		2,58		
Nivel de esforzo e dedicación que exige a materia (1=baixo, 2=medio, 3=alto)	54	54	6	11,11%	22	40,74%	26	48,15%	0		2,37		
Nº aproximado de horas de traballo persoal necesarias para a superación da materia	55	54	24	44,44%	20	37,04%	10	18,52%	1		1,74		
												MEDIANA	MODA
<b>QUÍMICA</b>													
As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma	55	17	1	5,88%	8	47,06%	8	47,06%	38		2,41	2,13	
O temario impartido axústase ao programa establecido	55	41	3	7,32%	9	21,95%	29	70,73%	14		2,63		
Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias	54	43	2	4,65%	10	23,26%	31	72,09%	11		2,67		
As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia	55	52	32	61,54%	12	23,08%	8	15,38%	3		1,54		
As clases prácticas (laboratorio/campo/ordenador) son de utilidade para o desenvolvemento da materia	54	51	7	13,73%	16	31,37%	28	54,90%	3		2,41		
Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia	52	16	8	50,00%	5	31,25%	3	18,75%	36		1,69		
O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas	55	52	30	57,69%	15	28,85%	7	13,46%	3		1,56		
A docencia da materia mellora a miña formación	55	50	14	28,00%	15	30,00%	21	42,00%	5		2,14		
Nivel de esforzo e dedicación que exige a materia (1=baixo, 2=medio, 3=alto)	55	53	2	3,77%	17	32,08%	34	64,15%	2		2,60		
Nº aproximado de horas de traballo persoal necesarias para a superación da materia	55	52	13	25,00%	25	48,08%	14	26,92%	3		2,02		
												MEDIANA	MODA

## GRUPO A

	TOTAL RESPUESTAS	TOTAL RESPUESTAS PROCEDENTES	DESACUERDO/BAJO		MEDIO		DE ACUERDO/ALTO		NO PROCEDE	PROMEDIO	MEDIA GLOBAL (8 primeros items)	
			1		2		3		0		2,00	2
			n	%	n	%	n	%	n			
<b>XEOLOXÍA</b>												
As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma	56	18	0	0,00%	8	44,44%	10	55,56%	38	2,56	2,46	
O temario impartido axústase ao programa establecido	56	44	3	6,82%	9	20,45%	32	72,73%	12	2,66		
Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias	55	44	1	2,27%	5	11,36%	38	86,36%	11	2,84		
As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia	56	54	9	16,67%	25	46,30%	20	37,04%	2	2,20		
As clases prácticas (laboratorio/campo/ordenador) son de utilidade para o desenvolvemento da materia	56	54	6	11,11%	24	44,44%	24	44,44%	2	2,33		
Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia	56	53	14	26,42%	26	49,06%	13	24,53%	3	1,98		
O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas	56	53	2	3,77%	14	26,42%	37	69,81%	3	2,66		
A docencia da materia mellora a miña formación	56	51	4	7,84%	22	43,14%	25	49,02%	5	2,41		
Nivel de esforzo e dedicación que exige a materia (1=baixo, 2=medio, 3=alto)	56	54	23	42,59%	25	46,30%	6	11,11%	2	1,69	2,00	2
Nº aproximado de horas de traballo persoal necesarias para a superación da materia	56	53	25	47,17%	25	47,17%	3	5,66%	3	1,58	2,00	2
											MEDIANA	MODA
<b>BIOLOXÍA CELULAR</b>												
As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma	54	23	2	8,70%	5	21,74%	16	69,57%	31	2,61	2,49	
O temario impartido axústase ao programa establecido	54	45	1	2,22%	11	24,44%	33	73,33%	9	2,71		
Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias	53	43	4	9,30%	11	25,58%	28	65,12%	10	2,56		
As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia	54	53	17	32,08%	25	47,17%	11	20,75%	1	1,89		
As clases prácticas (laboratorio/campo/ordenador) son de utilidade para o desenvolvemento da materia	53	53	2	3,77%	21	39,62%	30	56,60%	0	2,53		
Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia	52	40	4	10,00%	14	35,00%	22	55,00%	12	2,45		
O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas	54	51	5	9,80%	19	37,25%	27	52,94%	3	2,43		
A docencia da materia mellora a miña formación	54	51	1	1,96%	11	21,57%	39	76,47%	3	2,75		
Nivel de esforzo e dedicación que exige a materia (1=baixo, 2=medio, 3=alto)	54	54	0	0,00%	5	9,26%	49	90,74%	0	2,91	3,00	3
Nº aproximado de horas de traballo persoal necesarias para a superación da materia	54	53	8	15,09%	8	15,09%	37	69,81%	1	2,55	3,00	3
											MEDIANA	MODA
<b>FUNDAMENTOS</b>												
As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma	55	21	0	0,00%	3	14,29%	18	85,71%	34	2,86	2,76	
O temario impartido axústase ao programa establecido	55	46	0	0,00%	6	13,04%	40	86,96%	9	2,87		
Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias	54	44	4	9,09%	6	13,64%	34	77,27%	10	2,68		
As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia	55	46	4	8,70%	13	28,26%	29	63,04%	9	2,54		
As clases prácticas (laboratorio/campo/ordenador) son de utilidade para o desenvolvemento da materia	54	53	3	5,66%	18	33,96%	32	60,38%	1	2,55		
Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia												
O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas	55	53	2	3,77%	3	5,66%	48	90,57%	2	2,87		
A docencia da materia mellora a miña formación	55	52	0	0,00%	4	7,69%	48	92,31%	3	2,92		
Nivel de esforzo e dedicación que exige a materia (1=baixo, 2=medio, 3=alto)	55	55	6	10,91%	25	45,45%	24	43,64%	0	2,33	2,00	2
Nº aproximado de horas de traballo persoal necesarias para a superación da materia	55	54	18	33,33%	23	42,59%	13	24,07%	1	1,91	2,00	2
											MEDIANA	MODA

## GRUPO B


GRUPO B												
	TOTAL RESPUESTAS	TOTAL RESPUESTAS PROCEDENTES	DESACUERDO/BAJO		MEDIO		DE ACUERDO/ALTO		NO PROCEDE	PROMEDIO	MEDIA GLOBAL (8 primeros items)	
			1		2		3		0		3,00	3
			n	%	n	%	n	%	n			
<b>MATEMÁTICAS</b>												
As actividades realizadas en la materia ajustarse a las reflejadas en la guía docente de la misma	54	52	9	17,31%	17	32,69%	26	50,00%	2	2,33	1,95	
O temario impartido ajustarse al programa establecido	54	50	4	8,00%	19	38,00%	27	54,00%	4	2,46		
Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias	54	47	2	4,26%	5	10,64%	40	85,11%	7	2,81		
As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia	54	48	24	50,00%	13	27,08%	11	22,92%	6	1,73		
As clases prácticas (laboratorio/campo/ordenador) son de utilidade para o desenvolvemento da materia	54	48	32	66,67%	10	20,83%	6	12,50%	6	1,46		
Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia	54	35	20	57,14%	9	25,71%	6	17,14%	19	1,60		
O nivel exixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas	53	47	27	57,45%	9	19,15%	11	23,40%	6	1,66		
A docencia da materia mellora a miña formación	54	48	28	58,33%	12	25,00%	8	16,67%	6	1,58		
Nivel de esforzo e dedicación que exige a materia (1=baixo, 2=medio, 3=alto)	54	52	3	5,77%	16	30,77%	33	63,46%	2	2,58		
Nº aproximado de horas de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: <3 h/sem; 2: 3-6 h/sem; 3: >6 h/sem)	54	52	10	19,23%	20	38,46%	22	42,31%	2	2,23	2,00	3
											MEDIANA	MODA
<b>BIOFÍSICA</b>												
As actividades realizadas en la materia ajustarse a las reflejadas en la guía docente de la misma	54	53	3	5,66%	18	33,96%	32	60,38%	1	2,55	2,39	
O temario impartido ajustarse al programa establecido	54	52	0	0,00%	15	28,85%	37	71,15%	2	2,71		
Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias	54	48	6	12,50%	7	14,58%	35	72,92%	6	2,60		
As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia	54	53	8	15,09%	17	32,08%	28	52,83%	1	2,38		
As clases prácticas (laboratorio/campo/ordenador) son de utilidade para o desenvolvemento da materia	52	34	17	50,00%	8	23,53%	9	26,47%	18	1,76		
Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia	41	40	5	12,50%	12	30,00%	23	57,50%	1	2,45		
O nivel exixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas	54	52	7	13,46%	20	38,46%	25	48,08%	2	2,35		
A docencia da materia mellora a miña formación	54	53	8	15,09%	21	39,62%	24	45,28%	1	2,30		
Nivel de esforzo e dedicación que exige a materia (1=baixo, 2=medio, 3=alto)	54	53	8	15,09%	26	49,06%	19	35,85%	1	2,21	2,00	2
Nº aproximado de horas de traballo persoal necesarias para a superación da materia	54	53	15	28,30%	26	49,06%	12	22,64%	1	1,94	2,00	2
											MEDIANA	MODA
<b>QUÍMICA</b>												
As actividades realizadas en la materia ajustarse a las reflejadas en la guía docente de la misma	53	53	4	7,55%	20	37,74%	29	54,72%	0	2,47	2,19	
O temario impartido ajustarse al programa establecido	53	53	2	3,77%	19	35,85%	32	60,38%	0	2,57		
Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias	53	48	8	16,67%	12	25,00%	28	58,33%	5	2,42		
As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia	53	52	17	32,69%	14	26,92%	21	40,38%	1	2,08		
As clases prácticas (laboratorio/campo/ordenador) son de utilidade para o desenvolvemento da materia	53	51	8	15,69%	16	31,37%	27	52,94%	2	2,37		
Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia	50	34	13	38,24%	15	44,12%	6	17,65%	16	1,79		
O nivel exixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas	53	52	14	26,92%	23	44,23%	15	28,85%	1	2,02		
A docencia da materia mellora a miña formación	53	50	20	40,00%	19	38,00%	11	22,00%	3	1,82		
Nivel de esforzo e dedicación que exige a materia (1=baixo, 2=medio, 3=alto)	53	53	6	11,32%	19	35,85%	28	52,83%	0	2,42	3,00	3
Nº aproximado de horas de traballo persoal necesarias para a superación da materia	53	53	10	18,87%	21	39,62%	22	41,51%	0	2,23	2,00	3
											MEDIANA	MODA




## GRUPO B

	TOTAL RESPUESTAS	TOTAL RESPUESTAS PROCEDENTES	DESACUERDO/BAJO		MEDIO		DE ACUERDO/ALTO		NO PROCEDE	PROMEDIO	MEDIA GLOBAL (8 primeros items)	
			1		2		3		0		MEDIANA	MODA
			n	%	n	%	n	%	n			
<b>XEOLOXÍA</b>												
As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma	54	53	3	5,66%	17	32,08%	33	62,26%	1	2,57	2,37	
O temario impartido axústase ao programa establecido	54	53	1	1,89%	13	24,53%	39	73,58%	1	2,72		
Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias	54	47	1	2,13%	6	12,77%	40	85,11%	7	2,83		
As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia	54	50	17	34,00%	17	34,00%	16	32,00%	4	1,98		
As clases prácticas (laboratorio/campo/ordenador) son de utilidade para o desenvolvemento da ma	54	53	7	13,21%	21	39,62%	25	47,17%	1	2,34		
Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia	54	50	17	34,00%	21	42,00%	12	24,00%	4	1,90		
O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas	54	53	5	9,43%	21	39,62%	27	50,94%	1	2,42		
A docencia da materia mellora a miña formación	54	53	6	11,32%	25	47,17%	21	39,62%	1	2,25		
Nivel de esforzo e dedicación que exige a materia (1=baixo, 2=medio, 3=alto)	54	53	13	24,53%	33	62,26%	7	13,21%	1	1,89	2,00	2
Nº aproximado de horas de traballo persoal necesarias para a superación da materia	54	53	20	37,74%	24	45,28%	9	16,98%	1	1,79	2,00	2
											MEDIANA	MODA
<b>BIOLOXÍA CELULAR</b>												
As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma	54	53	3	5,66%	15	28,30%	35	66,04%	1	2,60	2,53	
O temario impartido axústase ao programa establecido	54	52	1	1,92%	12	23,08%	39	75,00%	2	2,73		
Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias	54	47	2	4,26%	10	21,28%	35	74,47%	7	2,70		
As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia	54	50	12	24,00%	22	44,00%	16	32,00%	4	2,08		
As clases prácticas (laboratorio/campo/ordenador) son de utilidade para o desenvolvemento da ma	54	53	4	7,55%	19	35,85%	30	56,60%	1	2,49		
Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia	53	50	5	10,00%	10	20,00%	35	70,00%	3	2,60		
O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas	54	52	6	11,54%	13	25,00%	33	63,46%	2	2,52		
A docencia da materia mellora a miña formación	54	53	6	11,32%	14	26,42%	33	62,26%	1	2,51		
Nivel de esforzo e dedicación que exige a materia (1=baixo, 2=medio, 3=alto)	54	53	0	0,00%	7	13,21%	46	86,79%	1	2,87	3,00	3
Nº aproximado de horas de traballo persoal necesarias para a superación da materia	54	53	4	7,55%	13	24,53%	35	66,04%	1	2,55	3,00	3
											MEDIANA	MODA
<b>FUNDAMENTOS</b>												
As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma	55	53	1	1,89%	17	32,08%	35	66,04%	2	2,64	2,63	
O temario impartido axústase ao programa establecido	55	53	0	0,00%	13	24,53%	40	75,47%	2	2,75		
Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias	55	47	4	8,51%	6	12,77%	37	78,72%	8	2,70		
As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia	55	46	6	13,04%	15	32,61%	25	54,35%	9	2,41		
As clases prácticas (laboratorio/campo/ordenador) son de utilidade para o desenvolvemento da ma	55	51	6	11,76%	13	25,49%	32	62,75%	4	2,51		
Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia												
O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas	55	53	0	0,00%	14	26,42%	39	73,58%	2	2,74		
A docencia da materia mellora a miña formación	55	53	4	7,55%	10	18,87%	39	73,58%	2	2,66		
Nivel de esforzo e dedicación que exige a materia (1=baixo, 2=medio, 3=alto)	55	53	9	16,98%	34	64,15%	10	18,87%	2	2,02	2,00	2
Nº aproximado de horas de traballo persoal necesarias para a superación da materia	55	53	18	33,96%	23	43,40%	12	22,64%	2	1,89	2,00	2
											MEDIANA	MODA

GRADO EN BIOLOGÍA  
PRIMER CURSO  
PRIMER CUATRIMESTRE  
2017-18



Item	
1	As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma
2	O temario impartido axústase ao programa establecido
3	Non se aprecian redundancias e/ou salapamentos con outras materias
4	As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia
5	As clases prácticas (laboratorio/campo/ordenador) son de utilidade para o desenvolvemento da materia
6	Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia
7	O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
8	A docencia da materia mellora a miña formación




58

**Item**

9 Nivel de esfuerzo e dedicación que exige a materia (1=baixo, 2=medio, 3=alto)  
 10 N° aproximado de horas de traballo persoal necesarias para a superación da materia  
 (1: <3 h/sem; 2: 3-6 h/sem; 3: >6 h/sem)

**NIVEL DE ESFUERZO Y HORAS DE TRABAJO (se representan las modas)**



## Anexo III

### RESULTADOS ENQUISAS PERCEPCIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA. Valoración pormenorizada das materias do primeiro semestre de 3º Curso do Grao en Bioloxía. Curso 2017-18.

	TOTAL ENQUISAS	MUY EN DESACUERDO				MUY DE ACUERDO		NO CONTESTA*		PROMEDIO
		1	2	3	nc					
<b>ECOLOXÍA I</b>		n	%	n	%	n	%	n		
1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.	57	3	5,45	17	30,91	35	63,64	2	3,51	2,58
2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.	57	6	10,71	19	33,93	31	55,36	1	1,75	2,45
3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.	57	4	7,14	18	32,14	34	60,71	1	1,75	2,54
4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.	57	15	83,33	2	11,11	1	5,56	39	68,42	1,22
5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.	57	4	7,14	19	33,93	33	58,93	1	1,75	2,52
6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.	57	15	27,78	24	44,44	15	27,78	3	5,26	2,00
7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas	57	4	7,27	17	30,91	34	61,82	2	3,51	2,55
8.- A docencia da materia mellora a miña formación	57	14	25,45	15	27,27	26	47,27	2	3,51	2,22
9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)	57	10	17,86	34	60,71	12	21,43	1	1,75	2,04
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia	57	20	37,74	28	52,83	5	9,43	4	7,02	1,72
(1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana)		* Se suman respostas en branco y valoradas 0								
									<b>Promedio 1-10</b>	2,29
									<b>Promedio 1-8</b>	2,41

	TOTAL ENQUISAS	MUY EN DESACUERDO				MUY DE ACUERDO		NO CONTESTA*		PROMEDIO
		1	2	3	nc					
<b>FISIOLOXÍA ANIMAL I</b>		n	%	n	%	n	%	n		
1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.	57	3	5,88	13	25,49	35	68,63	6	10,53	2,63
2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.	57	5	9,62	12	23,08	35	67,31	5	8,77	2,58
3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.	57	5	9,62	12	23,08	35	67,31	5	8,77	2,58
4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.	57	21	44,68	12	25,53	14	29,79	10	17,54	1,85
5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.	57	21	42,86	8	16,33	20	40,82	8	14,04	1,98
6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.	57	3	5,88	16	31,37	32	62,75	6	10,53	2,57
7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas	57	3	5,88	14	27,45	34	66,67	6	10,53	2,61
8.- A docencia da materia mellora a miña formación	57	9	17,31	8	15,38	35	67,31	5	8,77	2,50
9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)	57	0	0,00	11	21,15	41	78,85	5	8,77	2,79
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia.	57	2	4,08	20	40,82	27	55,10	8	14,04	2,51
(1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana)		* Se suman respostas en branco y valoradas 0								
									<b>Promedio 1-10</b>	2,46
									<b>Promedio 1-8</b>	2,41









**INFORME COORDINACIÓN  
2º SEMESTRE  
GRAO EN BIOLOXÍA**

**Curso Académico: 2017-2018**

Javier Iglesias Piñeiro  
Guillermo Covelo Artos  
Ana M<sup>a</sup> Otero Casal  
Francisco J. Salgado Castro



## ÍNDICE

<b>Presentación</b>	<b>p. 3</b>
<b>Primeiro Curso</b>	p. 3
ENQUISA AOS ALUMNOS	p. 3
REUNIÓN COS REPRESENTANTES DO ALUMNADO	p. 3
REUNIÓN COS COORDINADORES DAS MATERIAS	p. 4
<b>Segundo Curso</b>	<b>p. 5</b>
ENQUISA AOS ALUMNOS	p. 5
REUNIÓN COS REPRESENTANTES DO ALUMNADO	p. 11
REUNIÓN COS COORDINADORES DAS MATERIAS	p. 11
<b>Terceiro Curso</b>	<b>p. 18</b>
ENQUISA AOS ALUMNOS	p. 18
REUNIÓN COS REPRESENTANTES DO ALUMNADO	p. 27
REUNIÓN COS COORDINADORES DAS MATERIAS	p. 28
<b>Cuarto Curso</b>	<b>p. 29</b>
ENQUISA AOS ALUMNOS	p. 29
REUNIÓN COS REPRESENTANTES DO ALUMNADO	p. 44
REUNIÓN COS COORDINADORES DAS MATERIAS	p. 45
<b>Anexo I</b>	p. 50
Anexo II	p. 51

## Presentación

Neste informe preséntanse os resultados das enquisas sobre a percepción que os alumnos teñen sobre a docencia recibida no segundo semestre do curso 2017-2018 (Anexo I). Este informe inclúe tamén os resumos das reunións mantidas entre cada un dos coordinadores de curso e os representantes de alumnos do devandito curso, así como as actas das reunións entre os coordinadores de curso e os coordinadores das materias de cada curso de grao. Ditas reunións realizáronse ao final do segundo semestre do curso. Os coordinadores para o segundo semestre do curso 2017-2018 foron:

- 1º curso: Dr. D. Javier Iglesias Piñeiro
- 2º curso: Dr. D. Guillermo Covelo Artos
- 3º curso: Dra. Dña. Ana Mª Otero Casal
- 4º curso: Dr. D. Francisco Javier Salgado Castro

## Primeiro curso

---

### ENQUISA AOS ALUMNOS

O 7 de maio de 2018 os estudantes responderon á “enquisa de percepción do desenvolvemento das materias”. O número de enquisas realizadas foi de 57 no grupo A e de 55 no grupo B. Os resultados da devandita enquisa móstranse ao final do presente informe (Anexo II).

### REUNIÓN COS REPRESENTANTES DO ALUMNADO

- Día: 5 de xuño de 2018.
- Asistentes: Javier Iglesias Piñeiro (coordinador de primeiro curso); Andrea Estrella Arias Díaz (representante do grupo A) e Manuel Martínez Salgado (representante do grupo B)
- Puntos da orde do día:
  1. Comentar os resultados das enquisas de percepción do desenvolvemento das materias do primeiro cuadrimestre.
  2. Dúvidas, recomendacións, queixas, suxerencias de calquera tipo.

Con respecto ao punto 1, os alumnos representantes sinalaron que tanto o

modelo de enquisa (Anexo I) como os resultados obtidos (Anexo II) parécenlles satisfactorios.

Con respecto ao punto 2, os representantes sinalaron os seguintes temas:

Para a materia BIOFÍSICA, suxiren que a redacción da guía docente sexa modificada no apartado das prácticas de laboratorio, posto que consideran que resulta confusa debido a que se mencionan 11 prácticas e só se realizan catro.

Para a materia QUÍMICA PARA BIOLOXÍA sinalan, unha vez máis, que atopan grandes diferenzas de dificultade e de nivel de esixencia entre os dous cuatrimestres do curso.

Con respecto á materia TÉCNICAS BÁSICAS indican, unha vez máis, que atopan a titoría pouco útil e atractiva.

As estudantes mencionan, unha vez máis, o seu elevado grao de satisfacción coas prácticas das materias BIOESTADÍSTICA e BIOLOXÍA DOS TECIDOS E ÓRGANOS, aínda que con respecto a esta última sinalan que algunhas preguntas que se lles formulan nos exames inclúen imaxes en branco e negro, o cal lles dificulta responder correctamente ás mesmas.

## **REUNIÓN COS COORDINADORES DE MATERIAS**

- Día: 29 de xuño de 2018.
- Asistentes:
  - Diego Martínez (Biofísica)
  - Javier Iglesias (Fundamentos de Biología Animal y Vegetal)
  - Miguel A. Rodríguez (Biología de los Tejidos y Órganos)
  - Manuel Paz (Química para Biología)
  - Teresa Taboada (Técnicas Básicas)
  - Pedro Faraldo (Bioestadística)

Puntos da orde do día:

1 - Comentar os resultados das enquisas de percepción do desenvolvemento das materias realizadas polos estudantes (Anexo II), da reunión cos alumnos-representantes e do Informe de Diferenza de Cualificacións entre os diferentes grupos de clases expositivas do primeiro semestre do curso 2017-18.

2 - Dúbdidas, recomendacións, queixas e suxestións.

1.- Os asistentes atopan satisfactorios os resultados das enquisas realizadas polos alumnos. Con respecto ao Informe de Diferenza de Cualificacións entre os diferentes grupos de clases expositivas do primeiro semestre do curso 2017-18, sinalan que os resultados mostran unha diferenza notable de rendemento académico entre o grupo A e o grupo B, e coinciden en sinalar que a existencia de dicha diferenza xa fora percibida polos docentes durante o desenvolvemento das diferentes actividades docentes.

2. O coordinador da materia BIOFÍSICA indica que considera que a redacción da guía docente é correcta, aínda que lle exporá ao resto de profesores da materia a observación dos alumnos de cara a facer unha eventual modificación da guía.

O coordinador de QUÍMICA PARA BIOLOXÍA indica, unha vez máis, que as diferenzas entre cuadrimestres sinaladas polos alumnos débense a que os contidos que se dan no primeiro cuadrimestre son similares aos que estudan no bacharelato, mentres que os do segundo cuadrimestre resultanlles novos e, en consecuencia, de maior dificultade.

A coordinadora de TÉCNICAS BÁSICAS indica que para cursos vindeiros introducirá modificacións na actividade que realizan os estudantes na tutoría de TBB.

O coordinador de BIOLOXÍA DOS TECIDOS E ÓRGANOS sinala que o profesorado da materia é perfectamente consciente das diferenzas existentes entre imaxes en branco e negro e imaxes en cor, e por iso as imaxes que forman parte dalgunhas preguntas dos exames selecciónanse de forma que resulten perfectamente identificables para os estudantes que dominan os contidos da materia, a pesar da ausencia de cor.

## Segundo Curso

---

### ENQUISA AOS ALUMNOS

Este informe é o resultado da revisión das enquisas de percepción do desenvolvemento das materias cubertas polos/as alumnos/as de 2º curso (un total de 46 do grupo A e 42 do grupo B) distribuídas durante unha clase o 26/04/2018. Neste cuadrimestre non houbo reunión coa representante de alumnos/as do grupo A (o grupo B non tivo alumno/a representante). Inclúense tamén os resultados da valoración numérica das materias realizadas nas citadas enquisas.

Comézase reflectindo algunhas cuestións xerais do desenvolvemento do curso e puntos para mellorar, segundo as apreciacións dos/as alumnos/as. En xeral, os/as alumnos/as do grupo A teñen estado máis comunicativos/as indicando comentarios e observacións (tanto xerais como específicos de materias), xa que no B son testimoniais. Todos estes comentarios só foron reportados por un/ha alumno/a en cada caso. Críticase (no grupo A) a redución de horas lectivas en expositivas, que limitan a calidade na explicación dos contidos. Como noutros cursos, reclámase (no grupo A), naquelas materias que non o fan xa, que os/as profesores/as deixen a disposición dos/as alumnos/as o material audiovisual empregado nas clases. Tamén se indica que a saída de campo de Botánica II (realizada en horario de mañá) coincidiu pola tarde con prácticas doutra materia (grupo B) e que os/as alumnos/as tiveron moi pouco tempo para descansar e comer. Seguindo con solapamentos horarios, hai unha mensaxe deste grupo que pide revisar as datas de exames para evitar o solapamento de materias de diferentes cursos. Para terminar, unha mensaxe críptica no grupo B, parece que satisfactoria: “en xeral, ben”.

#### **Xenética II**

Sen ningún comentario agás dun/a alumno/a do grupo A que advirte solapamentos de contidos, aínda que non di cales nin con que materias.

#### **Botánica II**

No grupo B só hai un comentario con respecto a esta materia e fai unha crítica xeral a esta e á calidade das clases impartidas polos seus profesores. No grupo A son máis abundantes e variados os comentarios. Por unha parte, a saída de campo está

considerada como mal organizada por 3 alumnos/as, facendo referencia a que son moitos/as alumnos/as xuntos/as, que o tempo climático non acompañaba (elixir outras datas), etc. En 4 enquisas quéixanse de que a titoría non se axusta á duración establecida de 1 hora (segundo a guía docente) xa que realmente ocupou 4 horas. En canto aos contidos, un alumno/a observa solapamentos na parte de anxiospermas coa materia Fundamentos de Bioloxía Animal e Vexetal, e noutro comentario criticábase que se dedicase só unha semana á parte do temario relativa a biodiversidade.

## **Zooloxía II**

Soamente no grupo A apuntaron comentarios relativos a esta materia. En 4 deles ponse de manifesto o grao de satisfacción do alumnado co profesor encargado, con numerosos parabéns ao seu labor. Un/ha alumno/a máis crítico/a di en observacións que o exame de visu só se fixo nun dos grupos e non nos dous, o que considera inxusto.

## **Bioquímica II**

Son máis, aínda que non moitos, os comentarios de alumnos/as no grupo A. En 2 deles criticábase os seminarios xa que os consideran unha simple extensión das clases expositivas. Sen embargo, nun comentario en cada grupo, os seminarios considéranse moi útiles e mesmo, no grupo B, solicítanse máis horas de seminarios para resolver dúbidas. Seguindo co grupo A, un/ha alumno/a solicita que se revisen os traballos de titorías xa que “los grupos no funcionan, la gente copia en los trabajos comprometiendo a sus compañeros”. Por último, nun comentario do grupo A criticábase a extensión do temario da materia.

## **Bioxeoquímica**

Esta materia é a que, con diferenza, ten suscitado máis críticas e comentarios neste cuadrimestre, especialmente no grupo A. Por un lado, a queixa máis numerosa (14 no grupo A e 1 no B) foi polo exame parcial. Os/as estudantes consideran que as preguntas foron moi diferentes e cun nivel de coñementos moi superior aos contidos tratados en clase. Tamén hai numerosas críticas (9 no grupo A e 1 no B) polas que consideran baixa calidade e claridade das clases impartidas polas profesoras de expositivas. Por último, no grupo B un/ha alumno/a cuestiona a utilidade dos seminarios.

## **Análise global dos resultados da enquisa de percepción da docencia**

En primeiro lugar, é preciso comentar que a valoración media obtida por cada materia e grupo é unha media dos resultados obtidos nas preguntas 1 a 8.

En xeral, os apartados 1 e 2 da enquisa (cumprimento das actividades reflectidas na guía docente e cumprimento do temario, respectivamente), amosan resultados favorables (por enriba de 2 en tódolos casos, e nalgúns, rozando o 3) para todas as materias. Quizais, a única diferenza destacable entre grupos se aprecia en Bioxeoquímica na pregunta 2, onde no A obtén 2,15 e no B 2,52. No resto de materias os resultados son máis homoxéneos entre os grupos, oscilando as diferenzas entre 0,05 e 0,25 puntos en ambas preguntas.

No apartado 3 (solapamentos e redundancias de contidos), os resultados mostran tamén valoracións por enriba de 2 en tódolos casos e en xeral superiores a 2,5 (sobre todo no grupo B). A diferenza máis notable entre grupos obsérvase en Xenética II, onde se obtén un 2,57 no grupo B e un 2,05 no A, o que parece indicar que houbo diferenzas de contidos entre ambos grupos. Noutras materias, as diferenzas máximas están en torno a 0,2 puntos. A valoración no apartado 4 (titorías) é en xeral baixa, estando por debaixo do 2 en ambos grupos de Bioxeoquímica (1,80 no grupo A e 1,58 no B). É importante a diferenza entre grupos en Xenética II (2,45 no grupo A e 1,93 no B) e Botánica II (1,66 no grupo A e 2 no B) e algo menor en Zooloxía II (2,46 no grupo B e 2,17 no A). Polo contrario, os resultados son iguais en Bioquímica II (2,13 no grupo A e 2,11 no B)..

Nas prácticas de laboratorio/campo (pregunta 5) hai bastantes diferenzas entre materias. Por un lado, Zooloxía II (2,73 no grupo A e 2,64 no B) e Xenética II (2,51 no grupo A e 2,64 no B) teñen bos valores, pero tanto Botánica II (2,02 no grupo A e 2,21 no B) como Bioxeoquímica (1,89 no grupo A e 1,75 no B) teñen resultados máis discretos. En todos os casos, non se observan diferenzas importantes entre grupos. Bioquímica II non ten prácticas.

Excepto en Bioxeoquímica, a valoración no apartado da utilidade dos seminarios (pregunta 6) é alta en tódalas materias, destacando en Xenética I grupo B (2,86, fronte a 2,67 no A). En Bioquímica II, os resultados están arredor de 2,7 (2,77 no grupo A e 2,69 no B) e en Zooloxía II, ao 2,5 (2,58 no grupo A e 2,50 no B). Pola súa parte, Bioxeoquímica recibe unha valoración de 1,64 no grupo A e 1,39 no grupo B, que tamén denota certas diferenzas de percepción entre os grupos. Botánica II non ten seminarios na súa guía docente. En canto á valoración sobre o nivel de esixencia

percibido na avaliación (pregunta 7) hai que ter en conta que as enquisas foron cubertas polos/as alumnos/as antes de realizarse os exames e suponse que só reflectirá a avaliación de partes da materia (exames parciais, prácticas, etc.) ou a experiencia dalgúns/has repetidores/as. Por esta razón, o número de respostas é en xeral baixo, agás en Botánica II e Bioxeoquímica. Exceptuando esta última, en todos os casos, a puntuación é superior a 2. No caso de Bioxeoquímica os valores son, como se apuntou antes, baixos: 1,13 no grupo A (38 respostas) e 1,14 no B (28 respostas). Pola contra, os mellores números os vemos en Zooloxía II, que ten 2,75 no grupo A (8 respostas) e alcanza o 3 no B (6 respostas), aínda que, como vemos, con poucas respostas. Nun termo intermedio atópanse as outras materias. En Botánica II a valoración foi de 2,58 no grupo A (40 respostas) e 2,32 no grupo B (25 respostas). De novo no grupo das materias con poucas respostas temos Bioquímica II, con 2,36 no grupo A (11 respostas) e 2,5 no B (10 respostas) e Xenética II con 2,44 no grupo A (9 respostas) e 2,6 no B (5 respostas). As diferenzas entre grupos non son importantes en ningunha materia, oscilando nun arco de 0,26 puntos en Botánica II e só 0,01 puntos en Bioxeoquímica.

As materias mellor valoradas globalmente na pregunta 8, (*A docencia da materia mellora a miña formación*), son Zooloxía II (2,90 no grupo A e 2,79 no B), Xenética II (2,79 no grupo A e 2,85 no B) e Bioquímica II (2,82 no grupo A e 2,76 no B). Pola súa parte, Botánica II recolle unha valoración de 2,29 no grupo A e 2,09 no B, mentres en Bioxeoquímica son de 1,38 no grupo A e de 1,61 no B. Nestas dúas últimas materias observamos as maiores diferenzas (non moi grandes) entre grupos (0,23 puntos en Bioxeoquímica e 0,2 puntos en Botánica II), xa que no resto son moi pequenas.

A materia que se destaca como a de maior nivel de esforzo polos/as alumnos/as (pregunta 9) é Bioquímica II, que alcanza un valor de 3 en ambos grupos. Nun seguinte chanzo están, con valores similares, Zooloxía II (2,56 e 2,65) e Xenética II (2,57 e 2,8) (grupos A e B, respectivamente). Pola contra, as que requiren globalmente menor esforzo son Botánica II, con 1,93 no grupo A e 2,21 no B, e Bioxeoquímica, con 2,28 no grupo A e 1,91 no B. Nesta última materia é onde podemos apreciar unhas diferenzas máis notables (0,37 puntos) entre grupos neste apartado. En Xenética II e Botánica II estas diferenzas son de 0,23 puntos e 0,28 puntos, respectivamente, en ambos casos con maior valoración no grupo B. No resto, as diferenzas son mínimas ou inexistentes.

Os resultados da pregunta 10 (*Indica o número aproximado de horas semanais*



*de traballo persoal necesarias para a superación da materia)* reflicten parcialmente as valoracións da pregunta anterior. Bioquímica II é a materia que require maior dedicación (2,76 no grupo A e 2,75 no B). En segundo lugar atópase Xenética II, onde ademais se observan diferenzas notables entre grupos (2,1 no grupo A e 2,52 no B). A continuación atópanse Zooloxía II (2,24 e 2,17) e Bioxeoquímica (2 e 1,66) (grupos A e B, respectivamente). Nesta última observamos unha importante diferenza (0,34 puntos) entre grupos. Finalmente, en Botánica II temos uns resultados de 1,55 no grupo A e de 1,8 no B, 0,25 puntos de diferenza, pero os grupos cambiados con respecto á anterior materia.

A continuación preséntanse táboas resumo cos resultados da enquisa. As valoracións medias realízanse coas puntuacións numéricas de 1 a 3, descartando os 0, xa que significan “non procede”. A valoración media final da materia realízase sen ter en conta as preguntas 9 e 10.

Número de enquisas cubertas (non se cubren sempre todas as preguntas):

Botánica II: 42 (A), 34 (B)

Zooloxía II: 41 (A), 34 (B)

Bioquímica II: 45 (A), 42 (B)


Xenética II: 42 (A), 35 (B)

Bioxeoquímica: 40 (A), 33 (B)


### Preguntas da enquisa

- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).


**BOTÁNICA II. Media: G. A: 2,20; G. B: 2,32**




**ZOOLOGÍA II. Media: G. A: 2,73; G. B: 2,69**




**BIOQUÍMICA II. Media: G. A: 2,58; G. B: 2,62**



**XENÉTICA II. Media: G. A: 2,56; G. B: 2,65**



**BIOXEQ. Media: G. A: 1,86; G. B: 1,84**



## REUNIÓN COS REPRESENTANTES DO ALUMNADO

En segundo non se fixo reunión cos representantes dos alumnos

## REUNIÓN COS COORDINADORES DAS MATERIAS

Este informe recolle as opinións vertidas polos/as profesores/as de 2º do grao en Bioloxía de materias do segundo cuadrimestre reunidos/as o 04 de outubro de 2018.

Concurríntes:

**Prof. Juan José Rodríguez Oubiña**, profesor de Botánica II.

**Profa. Ana María Viñas Díaz**, coordinadora de Xenética II.

**Prof. Marcos Andrés González González**, coordinador na materia Zooloxía II.

**Prof. Guillermo Covelo Artos**, profesor na materia Bioquímica I e coordinador de 2º de Grao.

A coordinadora de Bioxeoquímica, **Profa. María del Carmen Monterroso Martínez**, que disculpou a súa asistencia á reunión, entrevistase co coordinador de curso o 18 de outubro de 2018.

Non asiste ningún/a representante de **Bioquímica II**.

### Comentarios xerais

Os/as profesores/as reunidos están de acordo cos/as estudantes que claman contra a redución en horas expositivas que se iniciou este curso. Consideran que xa foi moi difícil a adaptación dos contidos, da licenciatura ao grao, en canto á diminución de horas docentes na maior parte das materias. Agora, esta nova redución plantexa a disxuntiva de deixar directamente temas completos do programa sen tratar (que corresponden á materia segundo os descritores da Memoria de Grao) ou ben pasar máis, se cabe, de puntiñas por todos os temas, sen profundizar demasiado. Ambas cousas non son desexables e, como se ve nos comentarios dos/as alumnos/as en varias materias, son criticadas. Algúns/has dos/as presentes pregúntanse por que non se reduciron horas de titorías, que nalgunhas materias son excesivas, en lugar das expositivas. Ademais, recórdase, que os/as profesores/as xa temos unha dispoñibilidade horaria oficial de titorías para o alumnado (que raramente se utilizan,

ou só ante un exame). A **profa. Monterroso** considera que a redución de expositivas non trouxo ningún beneficio á docencia e cré, sen dúbidas, que non debe ter aparelhada ningunha redución de contidos, xa que estes deben trasladarse ao estudo persoal dos/as alumnos/as.

O **prof. Rodríguez** móstrase especialmente preocupado pola redución horaria e di, que polo menos no seu caso, supón un prexuízo importante na docencia. Indica tamén que por cuestións de tempo deixou de poñer en clase videos curtos moi interesantes e que tiveron que reducir moito os contidos (sobre todo en sistemática)..

Con respecto ao problema da saída de campo de Botánica II, o **prof. Rodríguez** indica que a coincidencia o mesmo día (pola mañá) coas prácticas de laboratorio doutra materia (pola tarde) foi un problema puntual neste curso debido a un descoido na elaboración dos horarios, xa que en todos os cursos anteriores isto non se producía. Confía que este problema non se repita no futuro.

Noutra orde de cousas, o **prof. González**, e o resto de presentes sumámonos, propón que o decanato informe (ou recorde) ao profesorado da facultade da normativa oficial relativa ás modificacións ao principio do curso (en que apartados, calado, se deben ser iguais para todos os grupos, como comunicalas, etc.) que se poden facer nas guías docentes xa aprobadas.

A continuación abordaremos os comentarios desagregados por materias.

## **Xenética II**

A coordinadora da materia, **profa. Viñas**, trasladará ao profesor correspondente os solapamentos reportados polos/as alumnos/as no grupo A, aínda que se o alumnado non é máis explícito en que temas e con que materias hai coincidencia, será de difícil abordaxe. No seu grupo, a profa. Viñas indica que mantén reunións con profesores/as de Xenética I e de Bioquímica para evitar solapamentos ao impartir la materia.

## **Botánica II**

O **prof. Rodríguez** mostra a súa sorpresa polo comentario do/a alumno/a criticando as explicacións dos profesores en clase e gustaríalle que estas cuestións lle fosen comunicadas no momento para intentar arreglalas e corrixilas, se fose o caso.

En relación co outro aspecto comentado sobre a saída de campo, indica que se fan en 4 grupos dunhas 30 persoas, de xeito que non poden facer máis, cos medios e horas dispoñibles, para que sexan menos alumnos/as por grupo. Evidentemente, os problemas climáticos son un imponderable co que hai que lidar xa que se elixen as mellores datas para a revisión dos espécimes e estas saídas teñen un calendario oficial que non se pode alterar sobre a marcha. O **prof. Rodríguez** indica que sempre está disposto a acordar co alumnado saídas de campo non programadas para aqueles/as que o soliciten.

Con respecto á excesiva duración da titoría (oficialmente de 1h), que é empregada para aprender o manexo das claves de identificación de especies, para que esta teña sentido e utilidade se prolonga cunha parte aplicada identificando especies nun percorrido polo campus (ata 3 h). Esta situación, comunica o profesor, infórmaselles previamente aos/as alumnos/as, a realización da saída é voluntaria (igual que a parte teórica) e poden asistir á primeira hora (oficial) e logo irse, sen ningún problema. O **prof. Rodríguez** recorda que esta parte práctica é sempre moi valorada polos/as alumnos/as. Hai que ter en conta que o comentario crítico a este respecto é dun/ha só/a estudante.

Os profesores da materia xa son coñecedores dos solapamentos de contidos con outra materia reportados por un/a alumno/a. O **prof. Rodríguez** trasladará de novo esta cuestión ao outro profesor, que se encarga desa parte da materia, para que trate de subsanalo. No relativo aos temas de biodiversidade do programa pouco tratados durante o curso, como indican nun comentario, o **prof. Rodríguez** indica que é outra consecuencia da redución das clases expositivas. Non obstante, indica que os apartados referentes a biodiversidade, distribución xeográfica, especies en vías de extinción, conservación, etc. trátanse en cada taxón estudado e non só en temas específicos, pero parece que algúns/has alumnos/as non o perciben así.

O **prof. González** indica a necesidade, para a realización de saídas de campo, de que o/a docente teña un certificado de primeiros auxilios. O **prof. Rodríguez** descoñecía esta circunstancia e interésase por como obter os devanditos coñecementos (e o certificado), e se realmente son obrigatorios, plantéxase deixar de facer saídas de campo ata telos. Coméntase na reunión que o decanato debería informar (ou volver a facelo se se ten feito xa en anos anteriores) ao profesorado destas cuestións normativas

## **Zooloxía II**

O **prof. González** agradece os comentarios positivos sobre o seu labor docente que expresan algúns/has alumnos/as nas enquisas. Ao mesmo tempo,

móstrase sorprendido polo feito de que nestas enquisas non se reflicte o problema xurdido con esta materia no grupo B, que levou á presentación dunha reclamación no decanato por parte dun grupo de alumnos/as de ambos grupos. Como se comentou máis enriba, non hai ningún comentario específico sobre esta materia no grupo B e soamente un do grupo A menciona o feito de que non se fai exame de visu no outro grupo. Ademais, os resultados numéricos de ambos grupos apenas mostran diferenzas suñibles entre grupos, incluída a pregunta 1 (cumprimento da guía docente). Ben é certo que estas enquisas foron cubertas polo alumnado a finais do mes de abril e a reclamación presentouse no mes de xullo, pero moitos dos problemas reportados nesta última tiveron que producirse dende o inicio do cuadrimestre, e polo tanto terían que ser detectados ao final do período lectivo. O coordinador da materia tamén se mostra sorprendido polo feito de que ambos profesores teñan historicamente unha valoración moi alta nesta materia, tanto nestas enquisas como nas oficiais de avaliación do profesorado.

A raíz desta última cuestión abrese un pequeno debate entre os/as asistentes sobre as enquisas oficiais da USC feitas polos/as alumnos/as por vía telemática. Críticase o baixo número habitual de enquisas cubertas, e que aínda así teñan validez por parte do Vicerreitorado, que é moi difícil ou case imposible o seu recurso ante feitos contrastables (non ter impartido certa docencia pola que se aparece avaliado/a, baixa nota en cumprimento de horario sen ter faltado nin unha soa vez a clase, p. ex.) ou que non teñamos (os/as profesores/as) capacidade de resposta. Todo iso, tendo en conta que estas enquisas son relevantes para a súa valoración nas solicitudes de quinquenios ou outro tipo de complementos retributivos. A **profa. Viñas** indica que eran preferibles as enquisas antigas que se facían presencialmente na aula, xa que eran cubertas por un número maior de estudantes que ademais eran os/as que habitualmente asistían ás clases, e polo tanto poderían ser máis obxectivas nos distintos aspectos a valorar. A **profa. Monterroso** considera que se poderían reformular as preguntas da Enquisa de Percepción do Desenvolvemento das Materias xa que hai preguntas que parecen redundantes (preguntas 9 e 10) e que os/as alumnos/as non parecen discriminar o sentido dalgunhas delas (preguntas 1 e 2).

### **Bioxeoquímica**

A explicación que atopa a profa. Monterroso ás importantes críticas que realizaron os/as alumnos/as no referente ao nivel esixido no exame parcial, é que houbo un cambio do modelo de exame con respecto a cursos anteriores. Os/as profesores/as da materia déronse conta de que circulaban por Internet as preguntas (tipo test) dos exames de cursos anteriores (mesmo exames completos). Iso levounos

a facer un exame mixto (test/preguntas curtas) con preguntas novas. Na súa opinión, isto “pillou descolocados” a moitos/as estudantes e explica as baixas cualificacións, sobre todo no grupo A (no grupo B nota maior nivel, debido aos/as alumnos/as do dobre grao). Non obstante, indica, os/as alumnos/as puideron repetir este parcial no final e mesmo deuse opción a que o fixeran os/as aprobados/as (só un/ha deles/as se presentou a esa parte para subir nota). As notas finais da materia non reflicten ningún prexuízo con respecto a outros cursos xa que a taxa de aprobados/as foi similar. Ademais, resúltalle chamativo que, a pesares de terse producido este problema, logo Bioxeoquímica sexa, para os/as alumnos/as, a materia que require menor dedicación e esforzo.

Referente a esta última cuestión, a **profa. Monterroso** fai unha reflexión sobre como abordan a materia os/as estudantes. Cre que moitos/as, por así dicilo, non a toman en serio xa que consideran que son cousas xerais que xa coñecen (contaminación, verteduras, cambio climático, ecoloxía, etc.) e que logo non profundizan o suficiente á hora de estudar. Isto fai, entre outros motivos, que as notas finais non sexan moi altas (aínda que a taxa de aprobados/as si o é). Cre que os/as estudantes se toman con máis interese e dedicación outras materias máis descoñecidas e máis “duras” (Xenética II, Bioquímica II). Así as cualifican os/as propios/as alumnos/as nas súas valoracións das preguntas 9 e 10 da enquisa, pero que tamén reciben unha mellor cualificación xeral en todos os apartados. Non obstante, tamén fai autocrítica xa que sabe que está na súa man (e no resto de profesores/as da materia) tratar de revertir esta percepción do alumnado. Nese sentido, plantéxanse non deixar as presentacións das clases no curso virtual (cousa, por outra banda, moi criticada naquelas materias que non o fan) para forzar aos/as estudantes a acudir pola súa conta aos libros e demais bibliografía.

No relativo ás críticas á calidade das clases expositivas (sobre todo no grupo A) non atopa explicación e trasladará o tema á profesora correspondente. Pero indica que, aínda que non completa, esta profesora leva varios anos impartindo esta materia e nunca tivera este problema.

A **profa. Monterroso** considera que as enquisas se cubriron demasiado pronto (26 de abril) con respecto á finalización do curso presencial (15 de maio) de aí que polo menos a metade dos/as alumnos/as non tiñan realizado grande parte de prácticas e seminarios. Polo tanto, cre que a cualificación neses apartados, bastante baixa, pode ser consecuencia disto. A sensación que teñen ao comentar cos/as estudantes a utilidade destas dúas actividades non é a que se reflicte nas enquisas. Por outro lado, considera, e o coordinador do curso tamén, que o feito de ter recibido xusto a semana anterior as notas tan baixas do exame parcial levou a moitos/as alumnos/as a exercer

unha especie de “voto de castigo” en todos os apartados da enquisa.

Volvendo ao tema do alumnado nesta materia, e para rematar, a **profa. Monterroso** fai unha nova reflexión. Na súa opinión, e indica que se percibe tamén esta evolución nas enquisas, coa paulatina redución do número de alumnos/as no grao producida nestes últimos cursos (e a conseguinte maior nota de corte coa que se accede), tense perdido unha porcentaxe menos importante de rapaces/zas con perfil “ambientalista” namentres que aumentan os/as de perfil “biomédico”. É por iso que o interese xeral co que abordan moitos/as esta materia é menor, mentres que, materias (como as indicadas máis arriba) consideradas máis difíciles e mesmo con maiores taxas de suspensos, teñen, a pesares diso, mellores valoracións.

---



## Terceiro Curso


---

Non se produciu incidencia de relevancia durante o semestre. O informe sobre a Diferencia de cualificacións entre os diferentes grupos de Clases Expositivas, aprobado pola comisión de Calidade de data 30-10-2018 non revelou diferencias significativas en ningunha das materias do segundo semestre de terceiro no curso 17/18.


### ENQUISA AOS ALUMNOS

Se recolleron no mes de Maio un total de 116 enquisas, das que 58 correspondían ao Grupo A, 53 ao Grupo B e 5 enquisas aparecían sen adscrición a grupo. Destas, un total de 30 tiñan comentarios na sección Observacións e suxestións (18 no grupo A e 12 no grupo B).

Como se acordou en reunións previas, para o cálculo das medias de cada materia non se tiveron en conta a preguntas 9 e 10, xa que están relacionadas co esforzo e non coa satisfacción xeral co desenvolvemento da materia. Tampouco se tiveron en conta os valores obtidos nas preguntas que tiveron menos dun 50% de respostas. Non se observan diferenzas importantes entre os grupos de expositivas na valoración das materias, excepto na materia Ecoloxía II, na que a nota no grupo B (2,78) foi máis de dúas décimas maior que no grupo A (2,57). Soamente as materias Ecoloxía II ( 2,69 no 17/18 fronte a 2,52 no 16/17) e Fisioloxía Vexetal II (2,47 no 17/18 fronte a 2,36 no 16/17) obteñen una nota media maior que a do curso pasado. A media da materia Antropoloxía Biolóxica permanece practicamente invariable (2,48 no 17/18 fronte a 2,50 no 16/17). As materias Microbioloxía II (2,27 no 17/18 fronte a 2,32 no 16/17) e F.A. Comparada (2,18 no 17/18 fronte a 2,34 no 16/17) acadaron menor puntuación neste curso.



Media do resultado das enquisas de valoración para cada unha das materias. As medias calculáronse utilizando os resultados das preguntas 1 a 8. Para o cálculo das medias de cada materia non se tiveron en conta as preguntas con menos dun 50% de respostas (valor 0 ou branco).



Evolución da valoración xeral das materias do segundo cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Bioloxía nos cursos 16/17 e 17/18, nos que se utilizou a mesma enquisa.

En canto aos comentarios xerais, os alumnos reiteran que teñen saturado o calendario de actividades, o que non lles permite levar preparada a materia ao día, especialmente no mes de Maio. Tres enquisas indican que existe pouco tempo entre a finalización das clases e o inicio dos exames.

Na reunión cos coordinadores a Profa Victoria González (Fisioloxía Vexetal II) cuestiona a validez da pregunta 7 no caso das enquisas do segundo semestre, xa que


en moitos casos os alumnos non teñen feitas suficientes actividades de avaliación para contestar esa pregunta axeitadamente. No caso específico de Fisioloxía Vexetal II, a coordinadora comenta que a baixa nota acadada nesa pregunta non pode ser representativa xa que no momento de facer a enquisa os alumnos solo tiñan feitas dúas actividades sinxelas de avaliación nos seminarios, directamente relacionadas co contido dos mesmos. Apórtanse distintos comentarios en relación a que a valoración dos alumnos en algúns casos non está relacionada de xeito estrito coas preguntas. Por exemplo, en varias materias o número de contestacións á pregunta 4 é maior que o número de alumnos que asisten as titorías. O prof. Aboal comenta en relación a isto que nunca se acadan puntuacións de 3 na primeira e segunda pregunta, cando a maior parte das materias da titulación cumpren estritamente o temario e guía docente. Acórdase elevar á comisión de docencia unha solicitude para que se cambie ou elimine a pregunta 7 nas enquisas de segundo semestre ou que a enquisa se realice no curso seguinte.

### **Valoración das materias.**

#### **Ecoloxía II (Coordinador Prof. Jesús Aboal)**

Contestaron a enquisa para esta materia 116 estudantes. Todas as preguntas presentaron máis dun 50% de respostas. A media total das 10 preguntas foi de 2,55 e a media das preguntas 1-8 foi de 2,69, sendo a máis alta de todas as materias do semestre.

As enquisas non reflicten ningún problema derivado da baixa por enfermidade do coordinador da materia Ecoloxía II, excepto un alumno, que reflicte dúbidas sobre o posible efecto, pero sen mencionar ningún problema específico derivado. As representantes de grupo coinciden en que este feito non afectou ó desenrolo da materia. A mellora na puntuación desta materia con respecto a o ano 2016/17 permite descartar que esta incidencia afectara negativamente as clases e/ou resultados.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).


Na sección de observacións e suxestións, dous alumnos comentan que os seminarios están ben formulados e resultan efectivos, pero se chegan comentarios sobre que debería modificarse a valoracións das actividades destes seminarios para a nota final (n=2) e que sería mellor que estas actividades se realizaran en grupo. Achéganse comentarios puntuais sobre a necesidade de mais titorías e que descoñecen algún dos programas estatísticos utilizados nas prácticas.

O coordinador da materia comenta que se transmitiu ao profesor correspondente o problema de utilización de software estatístico nas clases.

### **Fisioloxía Vexetal II (Coordinadora Prof. M. Gloria Revilla)**

Contestaron a enquisa para esta materia 88 estudantes. A media total da materia foi 2,49 se se eliminan a respostas da pregunta 7, para a que se recibiu menos dun 50% de respostas. A media das preguntas 1-8 foi de 2,47. A petición da

coordinadora retirase da figura a pregunta 7, xa que considera que no caso da materia Fisioloxía Vexetal II as respostas para esta pregunta non teñen fundamento ao non terse realizadas un número suficientemente significativo de actividades avaliadas, e polo tanto non deben figurar ne na Figura ne ser utilizadas para o cálculo da media.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).


Na sección de observacións e suxestións detéctanse dous comentarios sobre o solapamento dos contidos con Tecidos (Embrioloxía vexetal), aínda que este feito non é confirmado polas representantes dos alumnos. As dúas representantes están de acordo en que a corrección dos exames é moi esixente e non se axusta os contidos das clases expositivas

A coordinadora da materia comunica que se revisarán os contidos con respecto o posible solapamento con outras materias. Puntualiza ademais que efectivamente, a

corrección de cada pregunta do exame realizase seguindo unha puntuación pormenorizada para cada concepto, que e elaborada polos profesores antes da corrección, e que se facilita aos alumnos cando revisan o exame, aplicándose de xeito estrito para facilitar a avaliación obxectiva das respostas en tódolos casos. Este feito pode resultar nunha percepción de excesiva rixidez na corrección por parte dos alumnos, aínda que o obxectivo é evitar a aplicación de criterios subxectivos na corrección. A coordinadora indica que a materia de exame axustase aos contidos da aula virtual e a aqueles explicados nas clases expositivas e interactivas, tal como figura na guía docente.

### Microbioloxía II (Coordinadora Alicia Estévez Toranzo)

Contestaron a enquisa para esta materia 96 estudantes, cunha media de 2,20 para as 10 preguntas e 2,17 se non se ten en conta o valor da pregunta 7, ao terse recibido menos dun 50% de respostas. Para a media das preguntas 1-8 os valores foron 2,29 e 2,27 mesmos casos. Na figura, sinálanse en branco a pregunta para a que se recibiron menos dun 50% de respostas.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.


- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Na sección de observacións e suxestións, dous alumnos comentan que as clases expositiva resultan pouco dinámicas e que os contidos limítanse a expoñer o contido das diapositivas. Atopase un comentario que indica que o contido dos seminarios corresponde a temas que se imparten coa mesma metodoloxía que as clases expositivas e non a contidos de apoio/complementarios, no que están de acordo as representantes, que por outra banda remarcan a utilidade dos contidos da materia para a preparación doutras materias optativas, coma a Microbioloxía clínica.

A coordinadora da materia indica que os contidos dos seminarios corresponden a contidos complementarios a o programa de teoría. Indica ademais que se realizan actividades relacionadas cos contidos dos seminarios a través do envío de cuestionarios a través da aula virtual.

### **Fisioloxía Animal Comparada (Coordinador J. Manuel Aldegunde)**

Contestaron a enquisa para esta materia 89 estudantes, cunha media de 2,28 para as 10 preguntas e de 2,18 para as preguntas 1-8. Todas as preguntas acadaron a lo menos un 50% de respostas. E salientable a baixa nota acadada na pregunta 7, contestada por 61 alumnos, aínda que a enquisa fíxose antes da realización do exame final. Tal e como se comentou de xeito xeral para os cuestionarios de segundo semestre, é posible que nesta pregunta os alumnos estean expresando unha opinión xeral sobre a metodoloxía de avaliación aplicada na materia e non que o nivel esixido non se axuste ao nivel impartido nas aulas.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Na sección de observacións e suxestións, un número significativo de enquisas (5) indican que a carga de traballo individual da materia é excesiva, principalmente en relación aos cuestionarios de repaso que deben preparar para os seminarios. Este é un comentario que aparece nas enquisas de xeito recorrente e que sen embargo non se reflicte nunha baixa cualificación na resposta 6. Recórdase por parte do coordinador que o contido deses cuestionarios refírese exclusivamente ao repaso dos contidos das clases expositivas co obxectivo de axudar ao alumno a estudar e levar ao día o temario. En ningún caso comporta a preparación de novos contidos. Un grupo de enquisas (3) comentan problemas na interacción cun dos profesores o que é confirmado polas representantes de grupo. Neste caso, e a diferenza do ocorrido o ano pasado, aparece este comentario en alumnos tanto do grupo A como do grupo B. As representantes abundan nos problemas coa docencia impartida por este profesor,




que ademais non facilitaba material de apoio ós alumnos. Finalmente, as dúas representantes coinciden en comentar que a parte do exame correspondente os contidos impartidos polo Prof. Miguel López non corresponden cos contidos impartidos nas clases expositivas. O profesor implicado comenta que existe abundante correspondencia que demostra que os alumnos foron atendidos axeitadamente en todo momento. Non se facilita material de apoio xa que todos os contidos das clases expositivas poden seguirse nos dous manuais aconsellados na bibliografía da guía docente. Finalmente, apúntase que preguntas do exame son preguntas de relacionar, sendo necesario aplicar os contidos das clases expositivas, pero en ningún caso incluíronse conceptos novos non explicados en clase.

Dous alumnos comentan que unha das prácticas parece máis enfocada a realización dun traballo de fin de grao, non atopándolle utilidade para a preparación da materia. Aparecen tamén 3 comentarios sobre o contido dos seminarios, atopando pouco útiles os que se dedican ao comentario de traballos de investigación.

### **Antropoloxía (Coordinador: Prof J.L. Blázquez/ Prof. Javier Rodriguez Luis)**

O número de estudantes que avaliaron esta materia foi de 94. A media total da materia foi 2,33 se se teñen en conta todas as respostas e 2,38 se se eliminan as respostas das preguntas 6 e 7, para as que se recibiron menos dun 50% de respostas. A media das preguntas 1-8 foi de 2,39 e 2,48 nos mesmos casos. Na figura sinálanse en branco as preguntas para as que se recibiron menos dun 50% de respostas.



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo persoal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

Na sección de observacións e suxestións diversas enquisas (n=5) sinalan que utilízanse as horas de prácticas para impartir contidos que corresponden a clases expositivas, feito que confirman as representantes de grupo, aínda que se deron explicacións suficientes sobre a razón de incluír estes contidos nas prácticas. Tamén se comentan solapamentos coa materia Xenética evolutiva (n=2). As representantes de grupo indican que no exame puxéronse preguntas sobre contidos dos que os profesores dixeran de xeito explícito que non entraban no exame.

O representante da materia non asistiu a reunión nin enviou comentarios sobre as enquisas.

## REUNIÓNS COS REPRESENTANTES DO ALUMNADO

O día 5 de Novembro se mantivo unha reunión cas representantes de grupo, as estudantes Elena González Martín (Grupo A) e Saladina Vilaber Gondal (Grupo B). As

opinións expresadas polas representantes incluíronse no apartado anterior, xunto coas opinións reflectidas nas enquisas na sección de observacións e suxestións. Tanto no caso dos comentarios xerais como nos comentarios de cada unha das materias, tivéronse en conta só aqueles comentarios nos que coincidían a lo menos 2 estudantes.

## **REUNIÓN COS COORDINADORES DAS MATERIAS**

O día 19 de Novembro celebrouse unha reunión cos coordinadores das materias para a revisión dos datos das enquisas e borrador do informe, a que asistiron os Profesores Jesús Aboal (Ecoloxía II), Alicia Estévez (Microbioloxía II), J. Manuel Aldegunde (F.A. comparada) e Victoria Gonzalez, coordinadora da materia F. Vexetal II, no curso 18/19, en substitución da Profa. Gloria Revilla. Non participou o coordinador da materia Antropoloxía Biolóxica. Os comentarios dos coordinadores sobre os resultados xerais das enquisas e sobre as observacións e suxestións incluíronse tamén na sección “Enquisa aos alumnos”.


## Cuarto Curso

---

### ENQUISA AOS ALUMNOS


#### Valoración xeral da enquisa de coordinación

Se obtiveron 42 enquisas do grupo A e 49 enquisas do grupo B. Dependendo da materia, existe unha gran dispersión en canto ao número de enquisas cubertas. Loxicamente, o maior número de enquisas cubertas se corresponde coa materia obrigatoria (Redacción e Execución de Proxectos;  $n = 84$ ) e o menor número de enquisas coas materias optativas Bioquímica Clínica ( $n = 22$ ) e Enxeñaría Xenética ( $n = 22$ ) (Figura 1).




**Figura 1. Nº enquisas recollidas**

As dúas últimas materias destacan, ao igual que no curso pasado, co **número de horas de dedicación á semana** ( $>2.5$ ; é dicir,  $>3-6$  horas semanais), estando o resto das materias cunha dedicación estimada inferior ( $<2.5$ ); As materias de Proxectos e Xeobotánica son as materias que segundo os estudantes lles requiren menor esforzo, repetindo tamén respecto ao ano pasado (Figura 2).



**Figura 2. Nº horas dedicación. 1 (<3h), 2 (3-6h), 3 (>6h á semana)**


O mesmo resultado aproximadamente se obtén ao analizar o nivel de esforzo, dado que igual que en enquisas previas o número de horas de dedicación amosa unha elevadísima correspondencia co nivel de esforzo en cada materia (**Figura 3**). É dicir, ambos parámetros son equivalentes.



**Figura 3. Correlación entre o nivel de esforzo e o número de horas de dedicación**

**Para obter a puntuación media das materias na enquisa non se tiveron en conta os valores asociados á pregunta 7, referidos á avaliación da materia.** Esta pregunta non era anulada habitualmente nas enquisas do segundo semestre de outros anos por acordo entre os coordinadores del Grado. De este xeito, as enquisas do primeiro semestre e do segundo eran idénticas e se podía recoller polo menos a parte

da avaliación continua. Pese á devandita decisión, debido a unha mala interpretación do coordinador de 4º sobre o decidido na reunión de coordinadores, a pregunta 7 non foi cuberta polos alumnos na enquisa do curso 2017-18 porque os recadros correspondentes non estaban dispoñibles, o que marca unha diferenza coas enquisas do resto dos cursos do Grado (1º-3º), onde si se fixo. Como outras veces, tampouco se consideraron para o cálculo da nota media da materia as valoracións das preguntas 9 e 10, xa que se refiren ao esforzo e número de horas que supoñen as materias para o alumno. A nota media das materias de segundo semestre do Grado ( $\pm$  SD) foi  $2.47 \pm 0.19$  (liña laranxa na Figura 4) sobre 3 puntos (equivalente a 8.2 sobre 10). **O 100% das materias superaron unha puntuación global de 2. Ademais, 5 das 9 materias (55.6 %) tiveron unha puntuación maior de 2.5: Enxeñaría Xenética (2.67), Xeobotánica (2.58), Biotecnoloxía Vexetal (2.57), Bioquímica Clínica (2.56) e Xenética Humana (2.52).** É dicir, a valoración dos estudantes é boa en función destes datos. Chama a atención a mellora en Xeobotánica.




**Figura 4. Notas medias das materias do segundo semestre.** Non se tiveron en conta as preguntas 7, 9 e 10 da enquisa para o devandito cálculo. Liña laranxa: Media das materias do segundo semestre do Grado en Bioloxía.

### Valoracións de cada pregunta do cuestionario

No mesmo sentido, todos os items da enquisa valorados que non se refiren ao esforzo (ítems 1-8) superan o valor de 2 (Figura 5). Como noutras ocasións, o item mellor valorado é o 1, que se refire ao "axuste das actividades ao reflectido na guía docente" ( $2,70 \pm 0,16$ ), e os peores son os seminarios (ítem 6;  $2,38 \pm 0,41$ ), as redundancias (ítem 3;  $2,20 \pm 0,33$ ) e sobre todo as titorías (ítem 4;  $2,19 \pm 0,33$ ),


hasta o punto que moitos estudantes non contestan este apartado da enquisa. Isto podería indicar que ou ben no se están a realizar as titorías programadas nalgunhas materias ou ben non as fixeran na data da realización da enquisa; ámbolos dous aspectos son sinalados por algúns dos estudantes (ver máis adiante no informe).



1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.				
2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.				
3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.				
4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.				
5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.				
6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.				
7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas				
8.- A docencia da materia mellora a miña formación				

**Figura 5. Notas medias dos ítems 1-6 e 8. Liña laranxa: media das notas para cada ítem nas materias do segundo semestre do Grado en Bioloxía.**

Nesta ocasión non se observou que aquelas materias que esixen maior esforzo amosen maiores valoracións ou viceversa. Tampouco parece existir correlación entre a nota dada polos alumnos á materia e o número de enquisas cubertas. Sen embargo, séguese a detectar -como previamente- unha relación inversa entre o número de enquisas cubertas en cada materia optativa (eliminando obviamente aquelas obrigatorias como Proxectos) e o nivel de esforzo que se esixe (Figura 6). Isto podería indicarnos que **os estudantes non están seleccionando as materias optativas polo interese que teñan nelas senón polo esforzo que terán que dedicarlles.**



**Figura 6. Correlación nivel esfuerzo vs número de encuestas cubertas**

Por outro lado, houbo algúns comentarios sobre a enquisa. Catro alumnos do grupo A (#37, #40, #41, #42) comentan que a enquisa foi realizada antes de rematar as clases, que aínda non se pode valorar o nivel de esforzo e de número de horas de traballo persoal polo mesmo motivo, e que en algunhas materias aínda non se realizaron todas as actividades, polo que non se poden valorar axeitadamente. Por exemplo, na materia de Proxectos aínda non entrara o módulo de Contabilidade, mentres que en outras materias non se deran todas as titorías, as prácticas/saídas de campo ou os seminarios. Tres alumnos do grupo B (#19, #20, #21) botan en falla o TFG ou as Prácticas Externas Obrigatorias ou Optativas na enquisa (Nota aclaratoria do Coordinador de 4º: Existen enquisas específicas para cada unha destas materias, por iso non se inclúen nesta). Os alumnos tamén realizaron unha serie de “observacións e suxestións” xerais:

1. **Carga de traballo excesiva e pouco tempo libre para preparar as materias.** 8 alumnos do grupo A (#4, #5, #16, #20, #33, #36, #37, #38) e 2 do grupo B (#10, #45) expresan o seu descontento pola excesiva carga de traballos a maiores do TFG e a falta de tempo. Solicitan unha redución da cantidade de traballos que se piden entre todas as materias, especialmente porque no segundo semestre os alumnos están inmersos na realización do seu TFG. Pensan que cando se piden desde as diferentes materias os traballos non se está a ter en conta o tempo empregado para a realización do TFG. Solicitan de feito máis tempo para o TFG (Nota aclaratoria do coordinador de 4º: Está



previsto que o TFG teña despois da reforma do Grado en Bioloxía o dobre de ECTS; 6→12 ECTS). Piden sobre todo e encarecidamente menos traballos no último semestre e mellor coordinación entre os profesores á hora de poñer as datas límite de entrega dos traballos, e comentan que se podería elaborar unha especie de calendario entre as diferentes materias. Este tema da carga de traballos excesiva e do TFG é recorrente todos os anos.

2. **Redución de horas expositivas:** Un alumno do grupo A (#5) pide recuperar o número de horas de docencia expositiva para algunhas materias (sen especificar cales). Outro alumno do mesmo grupo (#25) comenta que das 5 materias de 4º que este alumno ten soamente Proxectos e Biotecnoloxía Vexetal cumpriron o temario, e que o resto das materias non o remataron por falla de tempo.
3. **Solapamentos:** Dous estudantes do grupo B indicaron a presenza de solapamentos entre as materias de “bata” (Evolución Humana, Biotecnoloxía Vexetal, Enxeñería Xenética e Xenética Humana) (#32) e de “bota” (BAC, Biodiversidade Vexetal, Zooxeografía e Xeobotánica) (#17). Esta é unha crítica xa realizada noutros anos.
4. **Horarios.** 3 alumnos do grupo A (#11, #15, #27) e 5 do B (#17, #25, #39, #41, #43) comentan unha mala organización dos horarios, con moitas horas mortas entre clases, especialmente pola mañá. Solicítase que os horarios de todas as actividades se organicen xa dende o principio do semestre, e que non existan adicións *a posteriori* e a maiores de titorías ou seminarios, que xera problemas cos horarios. Un par de estudantes suxire agrupar as horas das materias de “bata” por un lado e de “bota” por outro, para evitar a presenza de horas libres polo medio cando se alternan as horas de bata e bota. Tamén se solicita deixar un período de dúas semanas sen clase antes do exame, ou poder rematar antes as clases (por exemplo, as de Proxectos e de algunha optativa como Enxeñería Xenética). Precisamente en relación con Proxectos, coméntase que estaría ben que as clases rematasen antes, xa que polo normal se soe dar unha hora e media en vez das dúas horas. Un alumno do grupo A (#26) pide axustar os horarios para deixar tempo polas mañás para poder ir ao laboratorio e avanzar co TFG, xa que en moitos laboratorios hai xente que soamente traballa en el quenda de mañá. Este tema dos horarios es recorrente todos os anos na enquisa.
5. **Louvanzas:** Curiosamente, dous alumnos do grupo B (#11, #12) loan a organización dos horarios do semestre, tanto das clases como dos exames. Un

alumno do grupo A (#42) fai unha valoración positiva de todas as materias do semestre.

6. **Outras peticións:** Un estudante do grupo B (#43) pide que se lles permita a os titores dos TFG o poder xustificar fallas clase, xa que hai protocolos que son longos e requiren horas para poder finalizalos. Outro alumno do mesmo grupo (#48) pide unha maior participación interactiva nas clases.

## **Comentarios sobre cada materia en particular**

### **Avaliación e Execución de proxectos**


Nº enquisas 42 (grupo A) e 44 (grupo B); nota media 2.45 (grupo A) e 2.31 (grupo B); nivel de esforzo 1.88 (grupo A) e 2.02 (grupo B); Nº de horas de dedicación 1.55/3-6 horas semanais (grupo A) e 1.71/3-6 horas semanais (grupo B). Non se aprecian diferencias significativas entre as valoracións do grupo A e B. Esta materia non ten prácticas de campo ou laboratorio. A menor valoración no apartado de titorías desta materia e a existencia de 10 enquisas non contestadas en relación con este ítem pode ser debida a que no momento de realizar a enquisa estas aínda non tiveran lugar.

5 alumnos do grupo A (#3, #26, #27, #36, #37) e 1 do grupo B (#49) expresan as súas felicitacións aos profesores da materia, especialmente porque a docencia foi impartida dun xeito novo e práctico, cunha boa dinámica nas clases. Destacan o xeito de dar clase do profesor José Francisco Vaamonde Longueira (Josecho), que segundo os estudantes fixo un gran esforzo por adaptar a materia e facela máis amena, fácil e interesante, sobre todo porque o enfoque da solución dos problemas era máis práctico e non tan teórico.

Por outro lado, 5 estudantes do grupo A (#4, #8, #19, #26, #31) e 7 do B (#2, #3, #10, #11, #12, #14, #24) piden reorientar a materia para que sexa máis útil para Bioloxía e non tan enfocada ao mundo empresarial. Para eles a materia non ten relación coa Bioloxía e debería acercarse máis a temas propios do Grado en Bioloxía. Aínda que poidan considerar á materia como básica para a súa formación, creen que non se imparte de xeito adecuado e que elo fai que o alumno non se implique ou se interese o suficiente. Solicitan un cambio no enfoque da materia e coñecementos máis prácticos, con menos teoría, especialmente aqueles conceptos que logo non van a ser avaliados. Tamén algúns alumnos dos grupos A (#19) e B (#9, #11, #12) piden unha mellora na organización da materia, pero sen especificar máis. Un alumno do grupo B (#42) comenta que a materia sería máis útil si se enfocase cara á redacción do TFG. Finalmente, dous alumnos do grupo B (#37, #39) van máis aló e comentan que a


materia é innecesaria para la carreira de Bioloxía e que non debería ser obrigatoria, senón optativa.

### GRUPO A



- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo personal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

### GRUPO B




- 1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
- 2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
- 3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
- 4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
- 5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
- 7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
- 8.- A docencia da materia mellora a miña formación
- 9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de traballo personal necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

## Evolución Humana e Diversidade Molecular

Nº enquisas 33; nota media 2.46; nivel de esforzo 2.06; Nº de horas de dedicación

2.03/3-6 horas semanais. Esta materia non ten seminarios. Ademais, segue a presentar un nivel de contestación moi baixo á pregunta número 4 sobre as tutorías da materia (12 enquisas de 33). Este item ten tamén unha valoración algo baixa (2.08/3 puntos) en relación co resto dos ítems avaliados, o que podería indicar que no momento no que se pasou a enquisa os alumnos aínda non tiveran as tutorías obrigatorias descritas na guía docente da materia. De feito, o curso pasado o profesor da materia Javier Rodríguez Luís comentara que: *“Ante la falta de asistencia e interés de los alumnos en años anteriores a las tutorías programadas durante el curso, decidimos realizar un par de tutorías una vez acabada la materia, antes del examen, para resolver dudas centradas en el examen final, sobre todo aquellas que les surgían a los alumnos mientras estudiaban la materia para dicho examen. Esta estrategia tuvo mayor éxito de asistencia e interés, y es lo que estamos llevando a cabo en los últimos cursos.”*


Por outro lado, este ano a materia recibiu algúns comentarios por parte dos estudantes. Un alumno do grupo A (#4) solicita una reducción da duración das prácticas, xa que considera que se explica moita teoría nelas. Outro estudante do mesmo grupo (#18) comenta que esta materia ten un claro enfoque criminalista e é interesante, pero que dicho enfoque debería estar reflectido no título da materia, para evitar que os alumnos pensen que ten outro tipo de contidos. Un alumno do grupo B (#32) aprecia redundancias entre as materias de Evolución Humana, Biotecnoloxía Vexetal, Enxeñería Xenética e Xenética Humana. Finalmente, un alumno del mesmo grupo (#49) quere agradecer que en Evolución Humana entendan a dificultade de ter os exames todos xuntos e faciliten un exame parcial da materia.



1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de <b>traballo personal</b> necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

## Biodiversidade Animal e Conservación

Nº enquisas 25; nota media 2.48; nivel de esforzo 2.44; Nº de horas de dedicación 2.24/3-6 horas semanais. Esta materia presenta unha baixa nota na pregunta número 3 sobre redundancias/solapamentos (1.84/3 puntos; equivalente a 6.1/10 puntos). Esta baixa nota mellorou algo en relación coa do ano pasado (1.77/3 puntos), que tamén foi baixa e coincidiu cos comentarios realizados polos estudantes no apartado de observacións (solapamentos coas Ecoloxías e outras materias relacionadas coa biodiversidade como Biodiversidade Vexetal). Durante o curso 2017-18 un único estudante do grupo B (#17) realizou un comentario sinalando solapamentos entre Biodiversidade Animal e Conservación, Biodiversidade Vexetal, Zooxeografía e Xeobotánica.




1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de <b>traballo personal</b> necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

## Bioteconoloxía Vexetal

Nº enquisas 27; nota media 2.57; nivel de esforzo 2.31; Nº de horas de dedicación 2.04/3-6 horas semanais. Esta materia ten unha elevada valoración polos estudantes. Non ten seminarios, razón pola cal este apartado non foi valorado. Os ítems peor valorados desta materia foron as titorías (ítem 4: 2.04/3) e os solapamentos (ítem 3:

2.30/3), pero a diferenza do curso 2016-17, o número de contestacións ao ítem das titorías é máximo (100%). O tema dos solapamentos xa se apreciara no curso 2016-17 (2.24/3 puntos; 17 enquisas de 17 totais). Nese curso os comentarios realizados polos estudantes no apartado de observacións non reflectían a razón desa menor valoración. No curso 2017-18, un alumno do grupo B (#32) comenta que detectou redundancias entre as materias de Evolución Humana, Biotecnoloxía Vexetal, Enxeñería Xenética e Xenética Humana. Finalmente, un alumno do grupo A (#42) valora positivamente a proximidade da profesora e as actividades realizadas na materia.




1.- As actividades realizadas na materia axústanse ás reflectidas na guía docente da mesma.
2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de <b>traballo personal</b> necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

### Bioquímica Clínica e Patoloxía Molecular

Nº enquisas 22; nota media 2.56; nivel de esforzo 2.86; Nº de horas de dedicación 2.70/3-6 horas semanais. Esta materia ten unha boa valoración, pero xunto con Enxeñería Xenética son as dúas materias que supoñen un maior esforzo e número de horas de dedicación para os estudantes que haberá que tratar de modular no futuro. Aínda que os estudantes non o comentan no apartado das observacións, si parece existir algún problema de solapamentos (ítem 3), dado que é o apartado con menos valoración (2.27/3 puntos). De feito, no curso anterior un estudante detectara algo de solapamento entre Bioquímica Clínica e Xenética Humana. A continuación, se expoñen as valoracións dalgúns estudantes, expresadas no apartado de observacións. Grupo A (#8): Os créditos de Bioquímica Clínica non se corresponden coa dificultade da materia. Grupo A (#22): O recorte de horas docentes fixo que non houbo nin a

metade da materia impartida. Grupo B (#3): Redución de materia en Bioquímica Clínica. Grupo B (#9): A materia Bioquímica Clínica necesita máis tempo para poder explicar todo o temario (nota do coordinador de 4º: O ítem 2 da enquisa relativo ao cumprimento dos contidos teóricos ten unha valoración de 2.45 sobre 3 puntos). Grupo B (#14): Aínda que Bioquímica Clínica sexa unha materia algo complicada e con moita materia, creo que tanto as clases expositivas como as titorías ou os seminarios foron de grande utilidade para levar mellor a materia.




1.- As actividades realizadas na materia axústense ás reflectidas na guía docente da mesma.
2.- O temario impartido axústase ao programa establecido.
3.- Non se aprecian redundancias e/ou solapamentos con outras materias do mesmo ou diferente curso.
4.- As titorías son de utilidade no desenvolvemento da materia.
5.- As clases prácticas (laboratorio/campo) son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
6.- Os seminarios son de utilidade para o desenvolvemento da materia.
7.- O nivel esixido na avaliación axustouse ao nivel dado nas aulas
8.- A docencia da materia mellora a miña formación
9.- Indica o nivel de esforzo e dedicación que crees que esixe a materia (1 baixo, 2 medio, 3 alto)
10. Indica o número aproximado de horas semanais de <u>traballo personal</u> necesarias para a superación da materia (1: < 3 horas semana, 2: 3-6 horas semana, 3: > 6 horas semana).

## Xeobotánica

Nº enquisas 41; nota media 2.58; nivel de esforzo 1.85; Nº de horas de dedicación 1.63/3-6 horas semanais. Os apartados peor valorados nesta materia son os relativos aos solapamentos (ítem 3; 2.32/3) e titorías (ítem 4; 2.13/3). Este último apartado mellorou en comparación con curso pasado (titorías; 1.63/3), pero persiste sen embargo un baixo número de enquisas cubertas (8/38 no curso 2016-17 e 15/41 no curso 2017-18). Isto pode querer indicar que ou ben as titorías non se están a realizar (aínda que existen na guía docente da materia) ou, pola contra, a enquisa foi feita demasiado cedo e aínda non tiveran lugar. No curso pasado o profesor Javier Guitian, coordinador da materia, comentara que *“En cuanto a las tutorías las utilizan muy poco. Yo les doy la posibilidad de que consulten dudas en cualquier hora y día -previa cita- para facilitarles las cosas, sobre todo en lo que se refiere a solapamiento de horarios; eso si lo usan”*. Tamén chama a atención a existencia de 8 enquisas non contestadas de 41 totais en relación coas prácticas e 10 en relación cos seminarios. A cuestión dos

